



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de novembro de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(944).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(945).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA SUBSTITUCIÓN E REPARACIÓN DA VARANDA DE MADEIRA DOS ACCESOS Á CAPELA DA VIRXE DO ALBA EN VALADARES. EXPTE. 2370/150.

Visto o informe xurídico de data 15/11/2024 e o informe de fiscalización de data 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/11/2024, asinado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09.07.2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica* sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15 de marzo de 2024 asinouse convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas desenvolveranse a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a realización das obras para a substitución e reparación da varanda de madeira dos accesos á capela da Virxe do Alba en Valadares.

En data 25 de outubro de 2024 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 240333034, a Diocese achega documentación para o financiamento da actuación, que completa con data 08/11/2024, doc. 240343770 e doc. 240343774, achegando ao efecto solicitude subvención, declaración de non solicitude nin obtención de axudas,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

memoria explicativa valorada, presupostos, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvención SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTORICO ARTÍSTICO RELIXIOSO.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que radican na necesidade de substituír o actual valado de madeira situado no acceso á capela do monte Alba, debido ao seu estado de deterioro actual, que supón un perigo para os peóns.

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actuacións de substitución e reparación da varanda de madeira dos accesos á capela da Virxe do Alba en Valadares

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I.

TERCEIRO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 9.619,50 €, imputándose á partida presupostaria 3360 780 0010 do estado de gastos del presuposto.

CUARTO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN E REPARACIÓN DA VARANDA DE MADEIRA DOS ACCESOS Á CAPELA DA VIRXE DO ALBA EN VALADARES

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e catro

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, con NIF 76898257 B, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diocese".

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no Concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III.- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou o convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

V.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024, a proposta da Diocese de Tui - Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a realización das obras de substitución e reparación da varanda de madeira dos accesos á capela da Virxe do Alba en Valadares.

VI.- Que a Diocese de Tui-Vigo pretende reparar e substituír o actual valado de madeira do acceso á capela do monte Alba por outro similar, posto que existen deficiencias nun 90% da varanda existente na actualidade, co conseguinte perigo para a cidadanía.

VII.-Que no presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvencion SUBVENCÍONS PATRIMONIO HISTORICO ARTÍSTICO RELIXIOSO

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para contribuír ao financiamento das obras de substitución e reparación da varanda de madeira dos accesos á capela da Virxe do Alba en Valadares.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de NOVE MIL SEISCENTOS DEZANOVE CON CINCUENTA EUROS euros (9.619,50 €) segundo a memoria presentada.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupostaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 Subvencións Patrimonio Histórico Artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) A Diocese Tui Vigo, na súa condición de promotora da obra, achegará ao expediente copia dixitalizada do proxecto, da licenza e das autorizacións que conforme a lexislación sectorial aplicable resulten preceptivas.
- b) Executar as obras de acordo co proxecto en base cal se concedeu licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas.
- c) Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde.
- d) Na súa condición de promotor, corresponderalle á Diocese Tui o outorgamento do contrato de execución das obras obxecto do presente convenio.
- e) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, debe-rase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

- f) Asumir ao seu cargo todos os gastos, de calquera tipo, e obrigas derivados da execución do proxecto de obra (en particular, os de redacción dos proxectos que fosen necesarios, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, etc.)
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- h) Comunicar ao Concello de Vigo a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo e acta de recepción, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante do Concello.
- i) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- j) Comunicar á Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- k) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións:

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención NOVE MIL SEISCENTOS DEZANOVE CON CINCUENTA EUROS euros (9.619,50 €) tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o **15 de decembro de 2024**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competen-

te, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días naturais sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

Non obstante de conformidade co artigo 70 do RLXS, previa solicitude do interesado antes de rematar o prazo e nos termos sinalados no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade do mesmo e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiro.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Nomeamento do director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 50006930 4002 8663, entidade bancaria A BANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega da documentación xustificativa. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

A Diocese de Tui- Vigo, como entidade executora das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación das obras necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- - COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polo instrutor do expediente.

O instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase ás partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa pode-

rá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento ad-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

ministrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativa.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

3(946).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RESTAURACIÓN DA CRUZ DO NAZARENO DA COFRADÍA DE NUESTRO SEÑOR JESÚS NAZARENO E DA SANTÍSIMA VIRXE DOS DOLORES DE TEIS. EXPTE. 2371/150.

Visto o informe xurídico de data 11/11/2024 e o informe de fiscalización de data 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/11/2024, asinado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09.07.2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica* sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15 de marzo de 2024 asinouse convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade

eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénese que as distintas actuacións nel previstas desenvolveranse a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito convenio iniciar a tramitación da subvención directa para a rehabilitación dos complementos da talla de Jesús Nazareno da igrexa de San Salvador de Teis.

En data 30 de outubro de 2024 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 240336257, a Diocese achega solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto presupostos solicitados, declaración de non solicitude nin obtención de axudas, informe de valoración da intervención e memoria descritiva das actuacións a realizar.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvención SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIXIOSO.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estos efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que radican no fervor relixioso que esperta a imaxe da cruz do Nazareno da Cofradía de Nuestro Señor Jesús Nazareno e da Santísima Virxe dos Dolores de Teis entre os fregueses e a necesidade de mantela en adecuado estado de conservación mediante as técnicas adecuadas.

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para a restauración da cruz do Nazareno da Cofradía de Nuestro Señor Jesús Nazareno e da Santísima Virxe dos Dolores de Teis.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I.

TERCEIRO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 4.284,35 €, imputándose á partida presupostaria 3360 780 0010 do estado de gastos del presuposto.

CUARTO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RESTAURACIÓN DA CRUZ DO NAZARENO DA COFRADÍA DE NUESTRO SEÑOR JESÚS NAZARENO E DA SANTÍSIMA VIRXE DOS DOLORES DE TEIS

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, a xx de maio de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, con NIF 76898257 B, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diocese".

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no Concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- .- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

dito convenio iniciar a tramitación da subvención directa para a rehabilitación dos complementos da talla de Jesús Nazareno da igrexa de San Salvador de Teis.

IV.- Que no presuposto do Concello consta a partida 3360 780 0010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBJECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para o financiamento dos traballos de restauración da cruz do Nazareno da Cofradía de Nuestro Señor Jesús Nazareno e da Santísima Virxe dos Dolores de Teis.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a 4.284,35 € euros

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de 4.284,35 € € (catro mil douscentos oitenta e catro con trinta e cinco euros, IVE incluído) que representa unha porcentaxe do 100%.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupostaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 subvencións patrimonio histórico artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Diocese Tui-Vigo comprométese a:

- a) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- b) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- c) Corresponde á Diocese a xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- d) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintas empresas. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- e) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- f) Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- g) Comunicar á Área de goberno e Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- h) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o **15 de decembro de 2024**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre as Rendidas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.

- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Así mesmo, achegarse copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

O xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO .- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscrición da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

4(947).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIÓCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ESPAZO DE RECEPCIÓN PARA PEREGRINOS E REFORMA NA IGREXIA PARROQUIAL SANTIAGO DE VIGO. EXPTE. 2369/150.

Visto o informe xurídico de data 22/11/2024 e o informe de fiscalización de data 27/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/11/2024, asinado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09.07.2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica* sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15 de marzo de 2024 asinouse convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas desenvolveranse a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a realización das obras de reforma da igrexa parroquial de Santiago o Maior de Vigo, que contan coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia por importe de 83.257,57 € euros.

En data 17 de setembro de 2024 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 240279273, a Diocese achega solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto proxecto de reforma, presuposto, declaración de non solicitude nin obtención de axudas, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autorizan obras de reforma na igrexa parroquial de Santiago o Maior de Vigo, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvención SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTORICO ARTISTICO RELIXIOSO.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que radican na creación dun espazo de recepción para peregrinos no interior da igrexa parroquial de Santiago o Maior en Vigo, debido a o incremento destes a causa do crecente auxe do Camiño de Santiago portugués; a eliminación dos vestixios franquistas, conforme á Lei de Memoria Histórica, e o actual estado de deterioro das luminarias e portas exteriores, así como necesidade de limpeza dos campanarios.

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para o financiamento da realización das obras de reforma na igrexa parroquial Santiago de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I.

TERCEIRO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 83.257,57 €, imputándose á partida presupostaria 3360 780 0010 do estado de gastos del presuposto.

CUARTO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA NA IGREXA PARROQUIAL SANTIAGO DE VIGO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e catro

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, con NIF 76898257 B, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diocese".

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igre-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

xa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no Concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III.- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou o convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

V.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024, a proposta da Diocese de Tui - Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a realización das obras de reforma da igrexa parroquial de Santiago o Maior de Vigo, que contan coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

VI.- Que a Diocese de Tui-Vigo pretender levar a cabo a creación dun espazo de recepción para peregrinos no interior da igrexa parroquial Santiago o Maior de Vigo, así como a substitución da luminarias exteriores, restauración das portas exteriores, limpeza dos campanarios e colocación da placa de aceiro inoxidable para a cubrición da inscrición labrada na fachada lateral con referencia a figuras antidemocráticas.

VII.-Que no presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvencion SUBVENCÍONS PATRIMONIO HISTORICO ARTÍSTICO RELIXIOSO

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para contribuír ao financiamento das obras de reforma na igrexa parroquial Santiago de Vigo.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de OITENTA E TRES MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE CON CINCUENTA E SETE euros (83.257,57 €) segundo a memoria presentada.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupostaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 Subvencións Patrimonio Histórico Artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) A Diocese Tui Vigo, na súa condición de promotora da obra, achegará ao expediente copia dixitalizada do proxecto, da licenza e das autorizacións que conforme a lexislación sectorial aplicable resulten preceptivas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- b) Executar as obras de acordo co proxecto en base cal se concedeu licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas.
- c) Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde.
- d) Na súa condición de promotor, corresponderalle á Diocese Tui o outorgamento do contrato de execución das obras obxecto do presente convenio.
- e) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- f) Asumir ao seu cargo todos os gastos, de calquera tipo, e obrigas derivados da execución do proxecto de obra (en particular, os de redacción dos proxectos que fosen necesarios, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, etc.)
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- h) Comunicar ao Concello de Vigo a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo e acta de recepción, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante do Concello.
- i) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- j) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- k) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións:

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

- b) Xestionar o importe da subvención OITENTA E TRES MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE CON CINCUENTA E SETE euros (83.257,57 €) tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o **1 de novembro de 2025**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

Non obstante de conformidade co artigo 70 do RLXS, previa solicitude do interesado antes de rematar o prazo e nos termos sinalados no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade do mesmo e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiro.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Nomeamento do director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 50006930 4002 8663, entidade bancaria A BANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega da documentación xustificativa. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a achegada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

A Diocese de Tui- Vigo, como entidade executora das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación das obras necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixirán-lles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- - COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polo instrutor do expediente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase ás partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

5(948).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE CEDRO. EXPTE. 2740/315.

Visto o informe de fiscalización de data 22/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/11/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de CEDRO (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 30 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de CEDRO (expediente 2740-315), así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O 24 de outubro de 2019 a XGL acordou:

“Adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315) coas seguintes condicións:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- a) *O prezo total do contrato é de 2.367.803,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 215.254,86 euros.*
- b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras de recursos materiais:*
 1. *Frigorífico combi para obradoiro de cociña (mínimo categoría enerxética A+, 3 caixóns no conxelador e capacidade deste mínimo de 80 litros. Prezo 450€)*
 2. *Placa de indución para obradoiro de cociña (mínimo 3 zonas de cocción, sen marco. Prezo 300-350€)*
 3. *Forno multifunción para obradoiro de cociña (mínimo categoría enerxética A, potencia mínima de 3400w, e capacidade mínima de 65 litros. Prezo 300€)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse o día 27 de novembro de 2019. Iniciouse a súa execución o día seguinte, 1 de decembro, por un prazo inicial de tres anos, con dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Este contrato foi obxecto de dúas prórrogas:

1ª.- Por acordo da XGL de 22 de xullo de 2022 acordouse unha prórroga dun ano, dende o 01.12.2022 ao 30.11.2023 (expediente nº 2896-315).

2ª.- Por acordo da XGL de 10 de novembro de 2023 acordouse unha prórroga dun ano, dende o 01.12.2023 ao 30.11.2024 (expediente nº 2968-315).

Cuarto.- En data 12 de xullo de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación (expediente nº 2993-315).

Quinto.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 16 de xullo de 2024 no DOUE e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 14 de agosto de 2024.

Durante o prazo conferido para o efecto ningún licitador presentou oferta.

Sexto.- A Xunta de Goberno Local declarou deserto este procedemento por acordo de 23 de agosto de 2024.

Sétimo.- En data 11 de outubro de 2024, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación (expediente nº 3007-315).

Noveno.- O anuncio de licitación publicouse o 16 de xullo de 2024 no DOUE e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 13 de novembro de 2024. A apertura de ofertas está prevista o día 20 de novembro de 2024.

Décimo.- Consta no expediente informe do xefe de área de Benestar Social, de data 17 de outubro de 2024, corrixido en data 19 de novembro, propoñendo a tramitación da continuidade do servizo.

Undécimo.- Evacuado trámite de audiencia ao actual contratista, manifesta en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 17 de outubro do ano en curso, que *“mostra a súa CONFORMIDADE A PRÓRROGA por un periodo de dous meses, desde o 1/12/2024 e ata o 31/01/2025, do contrato de servizos de prestación do apoio á unidade asistencial de Drogodependencias CEDRO do Concello de Vigo”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato do servizo sanitario asistencial de CEDRO (expediente 2740-315) con carácter previo á formalización do novo contrato (expediente 3007-315) que garanta a continuidade do servizo

O contrato do servizo sanitario asistencial de CEDRO domiciliaria adxudicouse a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS mediante acordo da Xunta de Goberno local do 24 de outubro de 2019, por un prazo de 3 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

duración cada unha, iniciándose a prestación o 1 de decembro de 2019 (apartado 4 do Anexo I -FEC- do PCAP).

A Xunta de Goberno Local, na sesións de 22 de xullo de 2022 e 10 de novembro de 2023 aprobou a primeira e a segunda prórroga deste contrato.

A segunda prórroga rematará o vindeiro día 30 de novembro de 2024, non estando previstas máis prórrogas. Na actualidade, estase tramitando un novo procedemento para a prestación do servizo, o nº 3007-315. O expediente de contratación foi aprobado polo órgano de contratación o 11 de outubro de 2024. Na actualidade a apertura dos sobres A e B deste procedemento está incluída na orde do día da Mesa de Contratación a celebrar o día 20 de novembro. Estimase como data de inicio do novo contrato o 1 de febreiro de 2025.

En consecuencia, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata o 30 de novembro e o novo contrato non foi adxudicado, e xa é imposible que poida entrar en vigor antes da data de finalización do contrato en curso. Isto é así porque trátase dun contrato harmonizado suxeito a recurso especial en materia de contratación. Por iso, aínda que sexa posible a súa adxudicación antes do remate do actual contrato, non é posible a súa formalización ata que remate o prazo do recurso especial.

-III-

Necesidade da prestación do servizo sanitario asistencial de CEDRO ata a adxudicación do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a prestación de servizos de apoio ao Centro municipal para o tratamento das drogodependencias, CEDRO, que inclúe a Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e a Unidade de Día (UD) (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP). Os servizos asistenciais a desenvolver son os enumerados na cláusula primeira do prego de prescricións técnicas: *“con carácter xeral, os referenciados no Catálogo de Programas Asistenciais do Plan de Galicia sobre Drogas e Circuito de Asistencia Sanitaria ós Trastornos Adictivos de Galicia e, con carácter específico, os que anualmente se comprometen por adscrición do Concello de Vigo ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade, o SERGAS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde”*.

Indica o informe do xefe de área de Benestar Social, de data 19 de novembro de 2024:

“resulta imprescindible garantir a continuidade do servizo sanitario e asistencial que se presta ás persoas drogodependentes atendidas por CEDRO. O elevado volumen asistencial, mais de mil pacientes, permite valorar a imposibilidade do peche dun servizo adicado a drogodependentes, moitos de eles, en situación de exclusión social. A ausencia do seguimento destas persoas pode supoñer unha recaída de consecuencias graves, xa que, moitos padecen unha patoloxía dual.”

En consecuencia, está xustificada a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato. Do contrario, o Concello de Vigo non podería garantir a seguridade e benestar dos usuarios do servizo, que son persoas vulnerables.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como se expuxo no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que produzan atrasos e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que implicaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, período que é incerto e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo; se ben condicionada polas seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Ante a inminente finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que neste caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Compre dicir ó respecto que o novo contrato figuraba planificado no plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023. A tramitación do expediente de contratación iniciouse o 26 de abril de 2024, por orde da concelleira delegada de Política Social (expediente 2993-315), e foi aprobado o día 12 de xullo de 2024. No entanto non presentouse ningún licitador polo que a XGL, a petición da Mesa de Contratación, acordou declarar deserto este procedemento o 23 de agosto.

2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

Con relación ao segundo requisito, a existencia de motivos de interese público que esixan a continuidade do servizo, débese a que tratase dun servizo de carácter esencial. Este servizo presta atención multidisciplinar, gratuita, voluntaria e confidencial, coordinada nas áreas médica, psicolóxica e social, para o tratamento de calquera patoloxía adictiva relacionada co uso de substancias, agás as exclusivamente alcohólicas, abordando as tres etapas diferenciadas do proceso terapéutico: desintoxicación, deshabitación e reinserción (cláusula segunda do PPT) . Estes servizos poden encadrarse na categoría da atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, competencia municipal obrigatoria a tenor do disposto nos artigos 25.2.e e 26.1.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 80.2.k e 81.1.c da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Este contrato, pois, responde á obriga do Concello de garantir aos usuarios, drogodependentes, moitos deles en situación ou risco de exclusión social, atención sanitaria e asistencial inmediata. Tal e como informa o xefe da área xestora, *“A ausencia do seguimento destas persoas pode supoñer unha recaída de consecuencias graves, xa que, moitos padecen unha patoloxía dual”*.

3. O procedemento de licitación foi aprobado en data 12 de xullo de 2024 pola Xunta de Goberno Local. O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 16 de xullo no DOUE e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, polo que se cumpre o requisito de publicación tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

En consecuencia, no caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo sanitario asistencial de CEDRO e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario

implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas do contrato continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima como período máximo de continuidade do servizo o de 2 meses.

Para facer fronte aos gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que *"1.7. Para afrontar o gasto representado por esta continuidade do servizo resulta necesario anular o gasto do novo contrato RC 12024000165376 por importe de 65.772,31€(2024) e RC FUT 12024000165392 por importe de 65.772,31€(2025) que se incrementarán na aplicación orzamentaria nº 3112.2279901, xa que o gasto da prórroga do contrato vixente substitúe ó gasto do novo contrato.*

1.8. O gasto derivado da continuación da prestación do servizo no período 01.12.2024 - 31.01.2025, sería de 131.544,62 €, IVE incluído, que poderá financiarse con cargo á aplicación nº 3112.2279901 dos orzamentos municipais e, de ser o caso, a súa bolsa de vinculación".

Así mesmo, consta no expediente a conformidade de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, en escrito de data 17 de outubro de 2024, para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º.- A continuidade da prestación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (expediente 2740-315) nas mesmas condicións polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.

2º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de decembro de 2024 ata o 31 de xaneiro de 2025 (2 meses) por un importe de 131.544,62 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3112.2279901.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor".



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(949).- PROPOSTA DE INCREMENTO DAS XORNADAS LABORAIS ANUAIS APROBADAS NA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DA POLICÍA LOCAL DO ANO 2024. EXPTE. 43292/220.

Visto o informe de fiscalización do 26/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de organización e xestión de Recursos Humanos, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 22/12/2023 aprobou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO- *Prórrogar durante o ano 2024 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.*

SEGUNDO.- *Aprobar a realización dun número máximo de xornadas anuais (4.433, cun máximo de 13 xornadas por efectivo), sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongación de xornada, de 1.128.118,55 €. Os importes a aboar por cada xornada de disponibilidad realizada serán actualizados segundo lexislación vixente.*

TERCEIRO.- *Delegar na Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.*

CUARTO- *A autorización da realización das xornadas de disponibilidad realizarase previa solicitude da Xefatura da Policía Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realización de xornadas de disponibilidad, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e unha vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.*

QUINTO- A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

SEXTO.- Solicitar á Xefatura da Policía Local, para que dentro dos primeiros cinco meses do do exercicio 2024 (con data límite do 31 de maio de 2024), remita á Área de Recursos Humanos e Formación, unha proposta dun novo acordo marco xa adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT do ano 2023, para a súa análise e estudo por se, logo da tramitación procedimental procedente, procedese a súa aprobación polo órgano competente, que substitúa o acordo que agora se prorroga e sempre que as circunstancias existentes así o motivasen.

..."

II. Mediante número de documento 240358725 de expediente 89531/212, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación, informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e conformado pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no que se propón a aprobación pola Xunta de Goberno Local da autorización dun incremento de **90 xornadas de reforzo** para o persoal do servizo da Policía Local durante o ano 2024, ao abeiro do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140-220) sen que o dito incremento supoña superar o límite orzamentario de gasto previsto (1.128.118,55 €), fixado no acordo de prórroga de data 22/12/2023 (expediente 43292/220); e co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz as necesidades ordinarias puntuais, eventos, así coma os que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo deste último período do ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

III- En canto á motivación sobre a necesidade da prórroga solicitada, remitímonos ao recollido no citado informe da Xefatura da Policía Local, conformado pola Concelleira da Área, que consta incorporado ao presente expediente (trámite 37).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I- Normativa e aplicación

O artigo 24.c) Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba a lei do texto refundido do estatuto básico do empregado público TREBEP, recolle con carácter xeral que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios, estableceranse pola correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

Xa máis concretamente referido ao eido local, o artigo 5 do RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, define o complemento de produtividade como aquel que está destinado a retribuír o especial



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignado ao mesmo.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Por resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022, e rectificación do Anexo I de data 13/02/2023 (dándose conta do aprobado ao órgano delegante, Xunta de Goberno Local) publicados no BOP de Pontevedra de datas 19/01/2023 e 16/03/2023, aprobáronse os "Criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo", (expediente 39599-220).

Non obstante, os citados criterios manteñen vixentes transitoriamente unha serie de supostos previstos nas Instrucións sobre plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, entre os que se atopa, no seu punto terceiro, apartado j) :

-Os programas de disponibilidad horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Así mesmo, nas Bases de execución do Orzamento do exercicio 2024 vixente, base 32, no apartado, 2.5, recóllese que:

"No caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fóra da xornada laboral, aos efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local ou órgano que teña a competencia delegada, cuantificando o número máximo de xornadas, custe de cada unha delas e custe total, mapa de eventos, obxectivos a perseguir, número de horas necesarias. Unha vez aprobado o Plan anual, o servizo xestor estará obrigado a tramitar o preceptivo expediente para verificar a súa adaptación ao Plan e informar sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte as xornadas que se queren executar. Con posterioridade, comprobarase para a súa fiscalización, que se achega a certificación da xefatura do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado/a que executou as horas ou a xornada, día en que se fixo, o evento a cubrir, referencia sucinta

das necesidades a cubrir, as horas feitas se se trata de gratificación, ou xornadas se se trata de reforzos. Todo elo sen prexuízo que se poidan establecer modelos para acreditar a autorización do gasto e a súa execución. Se achegará para a súa inclusión na nómina do mes que corresponda, a proposta do gasto feita pola Área de RR.HH e Formación e o acordo adoptado de recoñecendo a obriga (Resolución do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal), ao que se unirá, o acordo de autorización das xornadas."

II-Análise das circunstancias concretas

O Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais do Corpo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 22/06/2017 (expte. 30140-220), na súa disposición 3º, dispón a posibilidade de prórroga para sucesivas anualidades sempre que se den as causas e condicionantes de feito, circunstancias que se motivan no informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e conformado pola Concelleira delegada da Área, que consta incorporado ao expediente.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 23/12/2023, se autorizou a prórroga do dito e a realización dun número máximo de xornadas anuais (4.433, cun máximo de 13 xornadas por efectivo), sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongación de xornada, de 1.128.118,55 €.

Polo Intendente Xefe da Policía Local, solicítase a ampliación en 90 xornadas do número total de xornadas para o ano 2024, sobre as 4.433 xornadas autorizadas no expediente de prórroga, sen que, en ningún caso, tal incremento supoña o incremento do crédito autorizado pola contía máxima de 1.128.118,55 €.

A súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria.

A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local, na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e toda vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

Salvo erro ou omisión, segundo consulta da aplicación ginpix de persoal, constan os seguintes datos sobre a ocupación dos postos da Policía Local:

- Dotación total Policía Local: 401 Ocupados: 338 Vacantes: 63

A estes datos habería que engadirlle dúas xubilacións voluntarias solicitadas para o mes de decembro (NP 18247 e 21031).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

No momento de aprobación do acordo marco de 2017 que agora se pretende prorrogar, o corpo da Policía Local contaba cunha dotación total de 402 postos, dos que estaban ocupados 341 e vacantes 61, representando un 84,8% de ocupación, superior aínda pois aos datos de hoxe en día.

No informe da Xefatura da Policía Local incorporado ao expediente, para a aplicación das xornadas de reforzo do ano 2024, recóllese a merma de efectivos como consecuencia, entre outros, da alta taxa de absentismo, disfrute de permisos, conciliación, etc., así como, o incremento de servizos que fai necesaria presenza policial na vía pública atendendo á axenda festiva de inverno e que, especialmente no mes de decembro, conleva a organización dun servizo extraordinario de regulación de tráfico nas zonas de maior afluencia de vehículos.

A vista, pois, dos datos expostos, existen causas obxectivas e xustificadas que serven de motivación para acordar a prórroga solicitada.

CONCLUSIÓNS:

- A proposta de ampliación en **90 xornadas de reforzo** sobre as 4.433 autorizadas ao abeiro da prórroga do Acordo Marco aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 23/12/2023 (expte. 43292-220), realízase no contexto dun plan de dispoñibilidade de máximos, polo que, a súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria, e sen que se teña que executar na súa totalidade. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

- En ningún caso, a aprobación do incremento das 90 xornadas, suporá incremento do custo máximo de 1.128.118,55 €, autorizado na prórroga do Acordo Marco.

- A aprobación desta proposta non afectará ao réxime de autorizacións e delegacións competenciais contempladas na parte dispositiva do acordo da prórroga do Acordo Marco aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 23/12/2023 (expte. 43292-220).

FISCALIZACIÓN PREVIA

Sométese a fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 223 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos, e en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 1320.1500000- "Produtividade" do orzamento do ano 2024.

RÉXIME COMPETENCIAL

Correspóndelle a competencia de aprobación á Xunta de Goberno Local conforme ao artigo 127.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

PROPOSTA QUE SE SOMETE Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA:

PRIMEIRO.- Aprobar a ampliación de 90 xornadas laborais sobre as 4.433 autorizadas mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de 23/12/2023, polo que se aprobou prorrogar, durante o ano 2024, o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas, sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongación de xornada, de 1.128.118,55 €. Os importes a aboar por cada xornada de dispoñibilidade realizada serán actualizados segundo lexislación vixente.

SEGUNDO.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade obxecto de ampliación realizarase previa solicitude da Xefatura da Policía Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e unha vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

TERCEIRO- A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o adoptor no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións establecidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(950).- SUSPENSIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E MODIFICACIÓN DO PCAP DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO DAS OBRAS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

DE "REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR". EXPTE. 2005/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 26/11/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de redacción de proxecto das obras de "REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR" (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de redacción de proxecto das obras de "REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR" (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 15 de novembro de 2024, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de redacción de proxecto das obras de "REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR" (expediente 2005-441) .

Segundo.- O 18 de novembro de 2024 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, e abriuse o prazo de presentación de ofertas, que rematará o vindeiro 3 de decembro.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, o servizo xestor, en informe de data 25 de novembro, solicita a modificación do prego para regular unha visita ás instalacións e ampliar este prazo para favorecer a concorrència.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da modificación do prego e da ampliación do prazo

Informa o servizo xestor deste expediente que *“Aberto o prazo de presentación de solicitudes coa publicación do anuncio de licitación na Plataforma de contratación en data 18.11.2024, indicar que recibíronse indicacións dos licitadores coa petición de visitar o edificio e o entorno do ámbito de actuación, co obxectivo de coñecer a problemática existente, así como os posibles condicionantes e valores a conservar e potenciar, circunstancia que xa se consideraba na documentación que conforma a licitación”*.

Efectivamente, o apartado 3 do PPT, que leva por rúbrica *“Documentación facilitada polo Concello ao adxudicatario do contrato”*, determina no seu parágrafo 2 que *“Sen prexuízo da documentación facilitada polo Concello de Vigo, os licitadores poderán realizar pola súa conta os estudos complementarios que consideren necesarios para a realización da oferta e se ofrecerá a posibilidade de realizar unha visita ás instalacións co obxecto de coñecer a localización exacta e as características do inmovible”*.

No entanto, tal e como indica o citado informe técnico, *“detectouse que esta oportunidade de coñecer as instalacións fisicamente, non se trasladou á Memoria Xustificativa aprobada en data 24.10.2024, nin polo tanto ao Pregos de Cláusulas Administrativas”*. O mesmo considera esta visita necesaria para *“poder realizar os estudos previos e cálculos básicos, así como representar graficamente a solución proposta e redactar a documentación acorde aos niveis de calidade esixida nos pregos”*. Procede, en consecuencia, modificar o PCAP para regular a citada visita. O servizo xestor propón a súa realización o día 3 de decembro do ano en curso.

No caso de que se se fixe unha visita, o artigo 136.3 da LCSP, impón a necesidade de que se amplíen os prazos mínimos de presentación de ofertas para que os licitadores poidan preparar as súas ofertas. Di este artigo que *“Cuando las proposiciones solo puedan realizarse después de una visita sobre el terreno o previa consulta «in situ» de la documentación que se adjunte al pliego, los plazos mínimos para la presentación de las ofertas y solicitudes de participación que establece esta Ley, se ampliarán de forma que todos los que interesados afectados puedan tener conocimiento de toda la información necesaria para preparar aquellas”*.

A lei non establece regras para a ampliación de prazos, polo que resulta necesario acudir a LPAC, aplicable supletoriamente aos procedementos de contratación. O seu artigo 32.1 permite á Administración, salvo precepto en contrario, conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda a metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo non prexudican dereitos de terceiro, e sempre e cando, se produzan antes do vencemento do prazo de que se trate, pois non resulta posible a ampliación de prazos vencidos (artigo 32.3 LPAC). No procedemento que nos ocupa o prazo de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

presentación de ofertas aínda non rematou, se ben, procede propoñer a súa suspensión ao órgano de contratación, para evitar que se poidan presentar ofertas con carácter previo a realización da visita. Tendo en conta esta circunstancia, non se prexudican dereitos de terceiros. Se ben, no suposto de que se tivera presentado algunha proposición nesta licitación antes da suspensión do prazo de presentación de ofertas, o/s licitador/es poderá/n presentar outra nova, que será a que se teña en conta. De non facelo, entenderase que mantén/ñen a proposición xa presentada.

A ampliación de prazos, segundo a LPAC, deberá notificarse aos interesados. Neste procedemento aínda non se teñen presentado ofertas polo que non procede realizar a notificación, se ben procedería a súa publicación no perfil de contratante do Concello de Vigo.

Unha vez aprobada polo órgano de contratación a modificación do PCAP para introducir a visita e realizada esta, parece aconsellable reiniciar de novo o prazo de presentación de ofertas, consonte ao previsto no artigo 136.1 da LCSP, que determina que *“os órganos de contratación fixarán os prazos de presentación das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respectando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei.”*

O servizo xestor manifesta que se se amplía o prazo de presentación de ofertas en 8 días, o prazo total será de 23 días, a contar dende o seguinte ao previsto para a visita. Deste xeito, este rematará o día 27 de decembro. Dado que a data de finalización do prazo coincide coas festividades de Nadal, o servizo *“propón trasladar o remate do prazo de presentación de solicitudes, de modo que sexa posterior a finalización das festividades do Nadal, con un marxe de unha semana, ate o 14 de xaneiro de 2025”*.

-II-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-III-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º- Suspender o prazo de presentación de proposicións do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto das obras de

"REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR" .

2º.- *Modificar o apartado 16. J da FEC do PCAP que rexe este procedemento para introducir o seguinte:*

- VISITA AS INSTALACIÓNS

A visita ao edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sito en Praza do Rei s/n, realizarase o día 3 de decembro de 2024, as 10.00 horas. A súa duración estimada é de 3 horas.

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Iniciarase o día 4 de decembro de 2024 e rematará o día 14 de xaneiro de 2025. Inclúese como anexo ao presente informe o PCAP coa redacción corrixida.

3º.- *No suposto de que se tivera presentado algunha proposición nesta licitación, o/s licitador/es poderá/n presentar outra que será a que se teña en conta. De non facelo, entenderase que mantén/ñen a proposición xa presentada.*

4º.- *Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE: "REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR"

ÍNDICE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

5. RÉXIME ECONÓMICO-ORZAMENTARIO DO CONTRATO
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES NAS QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO
8. APTITUDE PARA CONTRATAR
9. ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

II. **ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

10. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
11. PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E ACLARACIÓNS
12. COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS
13. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS
14. CONTIDO DOS SOBRES
15. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
16. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS
17. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS
18. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS
19. ADXUDICACIÓN
20. GARANTÍAS ESIXIBLES
21. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO
22. ACORDO DE NON ADXUDICACIÓN DO CONTRATO OU DE NON FORMALIZACIÓN E DESISTENCIA
23. CÓDIGO ÉTICO

III. **EXECUCIÓN DO CONTRATO**

24. EXECUCIÓN DO CONTRATO
25. OBRIGAS DO CONTRATISTA
26. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS E MORA
27. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
28. PERSOAL DO CONTRATISTA
29. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
30. CUMPRIMENTO DO CONTRATO
31. RÉXIME DE PAGAMENTOS
32. REVISIÓN DE PREZOS
33. PRAZO DE GARANTÍA
34. SUSPENSIÓN DO CONTRATO
35. MODIFICACIÓN DO CONTRATO
36. INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS

37. CRITERIOS DE GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS
38. PENALIDADES
39. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES
40. SUBCONTRATACIÓN
41. CESIÓN
42. RESOLUCIÓN DO CONTRATO
43. LIQUIDACIÓN

IV. XURISDICIÓN E RECURSOS

44. XURISDICIÓN
45. RECURSO DE ALZADA
46. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

V. ANEXOS

ANEXO I: FEC

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE (A PRESENTAR POLOS LICITADORES NO SOBRE A)

ANEXO III: DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO (A PRESENTAR POLOS LICITADORES NO SOBRE A CANDO PROCEDA)

ANEXO IV: NOMEAMENTO DO DELEGADO DO CONTRATO E ACORDO DE CONFIDENCIALIDADE E PARA A AUTORIZACIÓN DO ACCESO Á REDE DO CONCELLO DE VIGO (A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR)

ANEXO V: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI) PARA OS CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS (A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR)

ANEXO I: FEC

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A) NÚMERO DE EXPEDIENTE:
- B) SERVIZO XESTOR:
- C) RESPONSABLE DO CONTRATO:
- D) UNIDADE TRAMITADORA:
- E) OFICINA CONTABLE:
- F) ÓRGANO XESTOR:
- G) TRAMITACIÓN:
- H) TIPO DE PROCEDEMENTO:
- I) TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA:
- J) TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- K) TRÁTASE DUN CONTRATO RESERVADO AO ABEIRO DO PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª DA LCSP:

2. OBXECTO

- A) OBXECTO DO CONTRATO:
B) CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:
• CPV:
• CATEGORÍA DO SERVIZO NO ANEXO IV DA LCSP:
C) NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN:
D) LOTES:

3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):
B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:
C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:
D) MÉTODO DE CÁLCULO DO VALOR ESTIMADO E CONCEPTOS QUE COMPRENDE:
E) ANUALIDADES CON IVE:
F) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DE CADA LOTE:
G) PREZOS UNITARIOS (con IVE):
H) APLICACIÓN ORZAMENTARIA:
I) ANTICIPADO DE GASTO:
J) FINANCIADO/COFINANCIADO POR OUTRAS INSTITUCIÓN (en caso afirmativo, indicar cal):
K) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS:
L) TRÁTASE DUN CONTRATO DE SERVIZOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DA ADMINISTRACIÓN CON ORZAMENTO MÁXIMO (DISPOSICIÓN ADICIONAL 33ª DA LCSP):

4. PRAZO

- A) PRAZO TOTAL:
B) PRAZOS PARCIAIS:
C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN:
D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO:

5. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL

- A) CLASIFICACIÓN ALTERNATIVA QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL:
B) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:
C) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL:
D) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL AS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN:

- E) TAREFAS OU TRABALLOS QUE DEBERÁ REALIZAR DIRECTAMENTE O LICITADOR NO CASO DE QUE INTEGRE A SÚA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS:
- F) MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:
- G) HABILITACIÓN PROFESIONAL:
- H) CONDICIÓN ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE:

6. CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES B E C

- A) CONTIDO SOBRE B:
- B) CONTIDO SOBRE C:

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:
- B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:
- C) COMITÉ DE EXPERTOS (En caso afirmativo, composición):
- D) CRITERIOS PARA DETERMINAR QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS:

8. VARIANTES

- A) ADMÍTENSE VARIANTES:
- B) REQUISITOS MÍNIMOS:
- C) MODALIDADES:
- D) CARACTERÍSTICAS:

9. GARANTÍAS

- A) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL (EN CASO AFIRMATIVO IMPORTE):
- B) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA (EN CASO AFIRMATIVO IMPORTE):
- C) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA DEFINITIVA:

10. PRAZO DE GARANTÍA

11. RÉXIME DE PAGAMENTO

12. LUGAR DE ENTREGA DAS PRESTACIÓNS

13. ASEGURAMENTO

- A) PROCEDE CONSTITUÍR SEGURO ESPECÍFICO (en caso afirmativo, clase e contía)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

14. SUBCONTRATACIÓN

- A) TAREFAS CRÍTICAS NON OBXECTO DE SUBCONTRATACIÓN:

15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:
- B) ASPECTOS A MODIFICAR:
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:
- D) LIMITES DA MODIFICACIÓN:
- E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

16. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO:

- A) OUTRAS CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:
- B) OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO CONTRATISTA:
- C) OUTROS SUPOSTOS DE INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL E/OU PENALIDADES:
- D) OUTRAS CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:
- E) INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP:
- F) ESÍXESE INFORME DE PROBAS OU UN CERTIFICADO COMO MEDIO DE PROBA DO CUMPRIMENTO DAS PRESCRICIÓNES TÉCNICAS ESIXIDAS, DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN OU DAS CONDICIÓNES DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:
- G) CESIÓN DE DATOS AO CONTRATISTA:
- H) CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL OU INDUSTRIAL:
- I) EXCEPTÚASE A OBRIGA DE PRESENTAR PROGRAMA DE TRABALLO:
- J) OBSERVACIÓNS:

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

1.- Este contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de servizos (artigo 17 LCSP). Rexerese polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, os adxudicatarios. Este prego establece as condicións xerais aplicables ás contratacións que tendo natureza análoga se adecúen ás condicións previstas nas cláusulas do prego. A individualización de cada contratación conformarase mediante as especificacións previstas nas FEC, recollidas como Anexo I deste prego.

2.- Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- Este prego de cláusulas administrativas particulares
- O prego de prescricións técnicas

- A oferta do adxudicatario
- O documento no que se formalice o contrato

3.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

4.- Se o contrato é financiado con Fondos europeos indicárase no apartado 3.J das FEC. Neste caso deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude do mesmo e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións xerais relativas aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos.

5.- O órgano de contratación ostenta, en relación con este contrato, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución, acordar a resolución e determinar os efectos desta, consonte ao previsto nos artigos 190 e seguintes da LCSP.

CLÁUSULA 2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1.- O órgano de contratación é a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo.

- O enderezo postal é Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo
- O enderezo de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%3D>
- O enderezo web do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo é <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

2. De conformidade co previsto no artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) figuran no apartado 1.B das Follas de Especificación do Contrato o servizo xestor do expediente(en adiante FEC), que é a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato, e no apartado 1.C.

3.- O responsable do contrato será a persoa física ou xurídica designada no apartado 1.C da FEC ou será nomeado pola Xunta de Goberno local no acordo de aprobación do expediente. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.

4. Ao responsable del contrato corresponderanlle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Supervisar a súa execución e a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.
- b) Propor ao órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.
- c) Comprobar que o contratista achega para a execución do contrato os medios materiais e persoais esixidos.
- d) Cando se esixa no apartado 13.A das FEC algún tipo de seguro, esixir ao contratista a presentación da póliza correspondente.
- e) Propor ao órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades.
- f) No suposto de mora na execución do contrato, emitir informe sobre se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.
- g) Comprobar que o contratista está ao corrente dos seus pagamentos cos provedores e subcontratistas que teña contratado para a execución do contrato.
- h) Comprobar que o contratista cumpre coas condicións especiais de execución e as súas obrigas esenciais.
- i) Velar por que na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións laborais entre a Administración e o persoal do contratista.
- j) Requirirlle ao contratista toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas de información recollidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O contrato terá por obxecto a prestación do servizo sinalado no apartado 2.A das FEC.

2.- No caso de que se prevexan lotes no apartado 2.D das FEC, indicárase:

- O nº de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta.
- O nº de lotes que poden adxudicarse a cada licitador. Neste caso, fíxanse os criterios a aplicar para o suposto de que un licitador resulte adxudicatario de máis dun lote.
- A posibilidade de presentar ofertas combinadas para varios lotes, concretando a combinación ou combinacións que se admitirán, así como a solvencia e capacidade esixida en cada unha delas.

3.- A CPV e, cando proceda, a categoría do contrato no Anexo IV da LCSP figuran no apartado 2.B das FEC.

CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

1.- Mediante a execución do contrato á que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares satisfáranse as necesidades que se describen no apartado 2.C das FEC.

2.- A xustificación da necesidade da contratación recollerase nun informe nos termos previstos no artigo 28 da Lei de contratos do Sector Público, que será publicado no perfil de contratante.

CLÁUSULA 5.- RÉXIME ECONÓMICO-ORZAMENTARIO DO CONTRATO

1.- O orzamento base de licitación é o que se fixa no apartado 3.A das FEC.

2.- A cantidade que neste contrato corresponde ao imposto sobre o valor engadido é a que se fixa no apartado 3.B das FEC.

3.- O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 101 da LCSP, é o fixado no apartado 3.C das FEC. Indicárase o seu método de cálculo e os conceptos que comprende no apartado 3.D.

4.- No caso de que se establezan lotes, o orzamento máximo de licitación e o detalle do IVE, así como o valor estimado, para cada lote, fíxase no apartado 3.F das FEC.

5.- Se o prezo do contrato se formulase en termos de prezos unitarios, estes relacionáranse no apartado 3.G das FEC. Así mesmo, poderán fixarse para os efectos de calcular o prezo das posibles modificacións do contrato.

6.- As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES NAS QUE SE DISTRIBÚE

- 1.- Para a execución dos compromisos económicos derivados desta contratación existe crédito na aplicación orzamentaria que se indica no apartado 3.H das FEC.
- 2.- Se o expediente de contratación se tramitase como anticipado de gasto, indicárase esta circunstancia no apartado 3.I das FEC.
- 3.- Se a execución do contrato abarcase máis dun exercicio orzamentario, detallárase o gasto previsto para cada anualidade no apartado 3.E das FEC establécese a previsión do detalle do orzamento en anualidades orzamentarias. Este subordinárase ao crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo orzamento conforme ao previsto no artigo 174.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

CLÁUSULA 7.- PRAZO

- 1.- O prazo total do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.
- 2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.
- 3.- Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requirirá acordo expreso da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.
- 4.- Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.
- 5.- A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D das FEC agás nos supostos que por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible formalizalo na mesma, en cuxo caso se fixará no contrato, dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data da súa formalización.
- 6.- No caso dos contratos declarados urxentes o inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a formalización (artigo 119.2 LCSP).

CLÁUSULA 8.- APTITUDE PARA CONTRATAR

- 1.- Están capacitados para contratar con esta Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten

a correspondente solvencia económica e técnica ou se atopen debidamente clasificadas e non estean afectadas por ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 71 da LCSP. Os contratistas deberán contar tamén coa habilitación empresarial ou profesional esixible, no seu caso, para a realización das prestacións obxecto do contrato.

2.- No caso de que se trate dun contrato reservado dos previstos na disposición adicional cuarta da LCSP só poderán presentarse á licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos. Neste caso deberán acreditar esta circunstancia.

3.- Se na fase de preparación do contrato tivese intervido algún empresario:

- Na elaboración da documentación preparatoria do contrato.
- Asesorando ao órgano de contratación para a súa elaboración.
- Participando, no seu caso, nas consultas preliminares ao mercado celebradas.

Indicarase esta circunstancia no apartado 5.H da FEC e relacionarase as empresas afectadas.

Se esta circunstancia impidise participar ao interesado na licitación será preciso evacuarlle trámite de audiencia, nos termos establecidos no artigo 70 da LCSP.

4.- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores mediante a presentación do Documento único europeo de contratación (DEUC). Este poderá obterse e cumprimentarse na páxina do Ministerio de Facenda <https://visor.registrodelicitadores.gob.es/home>.

5.- As empresas estranxeiras deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Xúntase modelo no anexo II.

6.- Estes requisitos deberán reunirse na data final de presentación das ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato. A Administración poderá requiririlles aos licitadores a súa acreditación en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación, con excepción dos certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo) e coa Tesourería da Seguridade Social, que serán solicitados de oficio por esta Administración. Para estes efectos concederáselle un prazo de tres días. De non presentar a documentación requirida no prazo establecido entenderase que o licitador desiste do procedemento. Fóra deste suposto, a documentación acreditativa da capacidade do contratista esixiráselle unicamente ao primeiro clasificado.

CLÁUSULA 9.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

1.- O licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación en orde descendente que formule a Mesa de Contratación deberá acreditar a aptitude para contratar no prazo de dez días hábiles, de conformidade co que dispón o artigo 140 da LCSP, mediante a presentación da seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s.

3º) Acreditación da solvencia económica e financeira

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:

- a) Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - Ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa

duración é superior a un ano. Para calcular a anualidade media do orzamento base de licitación divídese este entre os meses de duración do contrato, sen ter en conta as eventuais prórrogas, e multiplícase por 12.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

- b) Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.

4º) Acreditación da solvencia técnica e profesional

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato ou do lote, no seu caso, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do orzamento base de licitación do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- b) Documento acreditativo de posuír a clasificación “alternativa” prevista no apartado 5.A.

5º) Acreditación da solvencia técnica e profesional das empresas de nova creación

Se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) poderán acreditar a solvencia técnica por algún dos medios previstos nas letras b) a i) do apartado 1 do artigo 90 da LCSP, agás que no apartado 5 das FEC se sinalen outros distintos.

6º) Integración da solvencia con medios externos

Cando unha empresa desexe utilizar as capacidades doutras entidades, deberá incluír no sobre A o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III deste prego.

Poderá fixarse no apartado 5.E da FEC que certas tarefas ou traballos, de acordo coa súa natureza especial, sexan executadas directamente polo contratista.

7º) Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato

Deberá achegar a acreditación destes medios que, no seu caso, se fixe no apartado 5.F das FEC.

8º) Habilitación profesional

Achegarase a documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional, cando resulten esixibles pola normativa vixente relativa ao servizo obxecto do contrato se así se especificase no apartado 5.G da FEC.

9º) Documentación acreditativa da condición de centro especial de emprego ou empresa de inserción

Unicamente para os contratos que se tiveran cualificado como contratos reservados ao abeiro do previsto na disposición adicional cuarta da LCSP, e así se indique no apartado 1.K das FEC.

2.- Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.

3.- No caso de que os datos incluídos na documentación persoal non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP, excluírá ao licitador do procedemento e reclamaralle 250 € en concepto de penalidade.

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 10.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

1.- O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a fixada no apartado 1.G da FEC podendo ser:

- Ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.
- Urxente, segundo o previsto no artigo 119 da LCSP. Neste caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación.

2.- A tramitación urxente do contrato suporá a redución dos prazos na forma sinalada nos artigos 119 e 137 da LCSP.

CLÁUSULA 11.- PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E ACLARACIÓNS

1.- O anuncio da licitación publicarase no perfil de contratante do Concello de Vigo. Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada a licitación publicarase, ademais, previamente, no Diario Oficial da Unión Europea.

2.- Os licitadores poderán obter do perfil de contratante os pregos e toda a documentación contractual necesaria para preparar a súa oferta, en formato aberto e editable.

3.- Con carácter previo á presentación da documentación, os licitadores poderán solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos e a documentación complementaria.

As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Estas serán contestadas polo órgano de contratación, mediante respostas que terán carácter vinculante e serán publicadas no perfil de contratante como máximo 6 días antes da finalización do citado prazo. No caso de que o procedemento sexa urxente este último prazo reducirase a 4 días.

4.- Os licitadores poderán obter información das obrigas e disposicións vixentes en materia fiscal, medio ambiente, emprego e condicións laborais nos seguintes organismos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Fiscalidade: Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Protección do medio ambiente: Consellería de Medio ambiente e Ordenación do territorio da Xunta de Galicia e a Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA).
- Protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral de persoas con discapacidade: Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e Fundación para a prevención de riscos laborais do Estado e o Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo.

CLÁUSULA 12.- COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS

1.- As comunicacións entre o Concello e os licitadores realizaranse a través do enderezo de correo electrónico sinalado polos licitadores, sen prexuízo da publicidade dos actos emitidos, cando legalmente proceda, e da práctica das notificacións esixidas pola Lei 9/2017 na forma prevista na súa disposición adicional 15ª.

2.- As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante.

3.- Para estes efectos, os licitadores deberán designar na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) un enderezo de correo electrónico.

CLÁUSULA 13.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

1.- A documentación presentarase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación, en formato electrónico, axustándose ás especificacións das disposicións adicionais 15ª e 16ª da LCSP.

2.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada do seu contido, así como a autorización para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do sector público, ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da UE (artigo 139.1).

3.- As proposicións serán secretas. Arbitraranse as ferramentas que garantan que soamente as persoas autorizadas poidan acceder aos datos e á documentación transmitida cando finalice o prazo especificado.

4.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de variantes cando así se estableza no apartado 8.A das FEC, cos requisitos mínimos, modalidades e características que se fixan nos apartados 8.B, C e

D da FEC. En todo caso, as variantes propostas deberán ter relación directa co obxecto do contrato.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

5.- A presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) (<https://contrataciondelestado.es>), para iso o licitador debe estar rexistrado como usuario na mesma.

A presentación realizarase de conformidade coas indicacións dadas na Guía dos Servizos de Licitación Electrónica para Empresas que poderán atoparse no seguinte enlace: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/guiasAyuda>. Nesta guía documéntase como o licitador debe preparar e enviar a documentación e os sobres que compoñen as ofertas mediante a “Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas”.

No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes de que remate o prazo de presentación de ofertas. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de Contratación: contratacion@vigo.org

O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións.

En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. **A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador.**

CLÁUSULA 14.- CONTIDO DOS SOBRES

1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres ou arquivos electrónicos: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL; 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

No entanto, nos procedementos nos que a totalidade dos criterios de adxudicación sexan avaliados mediante fórmula, unicamente se presentarán dous sobres: o sobre A, coa documentación persoal e o sobre C, que conterá o modelo de proposición que figura no apartado 6.B das FEC.

2.- No interior de cada sobre ou arquivo electrónico farase constar o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre ou arquivo electrónico deberá estar paxinada.

3.- O contido dos sobres será o seguinte:

A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

Presentarase o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o Anexo II e, no seu caso, a declaración responsable do Anexo III de concorrer as circunstancias nela previstas.

Se o procedemento comprende varios lotes para os que se esixe unha solvencia diferente os licitadores deberán presentar un DEUC por cada un dos lotes aos que se presenten.

No caso de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegarse o compromiso de constitución en UTE previsto no Anexo II e o DEUC por cada empresa participante.

Así mesmo, nos casos nos que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas, deberá incluír o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III deste prego e cada unha delas deberá presentar un DEUC.

B) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Incluírá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor.

Os licitadores poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles neste sobre, en especial, con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos seus aspectos confidenciais.

Poderá solicitarse a confidencialidade da documentación na que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que comporte unha vantaxe competitiva para a empresa.
- Que se trate dunha información verdadeiramente reservada, é dicir, descoñecida por terceiros.

- Que represente un valor estratéxico para a empresa e poida afectar á súa competencia no mercado.

Non resultan admisibles as declaracións xenéricas de confidencialidade de todos os documentos ou datos da oferta, nin dos documentos que sexan publicamente accesibles. De formularse unha declaración xenérica de confidencialidade, non será admitida.

A solicitude de confidencialidade deberá reflectirse claramente, sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma claramente identificable no propio documento que teña tal condición.

Para que o órgano de contratación acepte a solicitude de confidencialidade e a declare, deberán indicarse os motivos que a xustifiquen.

O órgano de contratación non poderá divulgar a información declarada confidencial sen o consentimento do licitador.

A Mesa, en resolución motivada, excluirá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC
- b) A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC
- c) Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas

C) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA

A proposición avaliable mediante fórmula deberá axustarse ao modelo que se recolle no apartado 6.B das FEC.

A Mesa, en resolución motivada, excluirá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida
- Excedese do orzamento base de licitación
- Se apartase substancialmente do modelo establecido
- Comportase erro manifesto no importe da proposición
- Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable.

4.- Se así se establece no apartado 16.F da FEC poderase esixir un informe de probas, ou un certificado expedido por algún dos "Organismos de Avaliación da Conformidade" acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) ou entidade análoga a nivel europeo, como medio de proba do cumprimento das prescricións técnicas exixidas, dos criterios de adxudicación ou das condicións de execución do contrato. Esta documentación deberá achegarse no sobre B.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

No caso de que o licitador non teña acceso a ditos certificados ou informes de probas nin á posibilidade de obtelos nos prazos fixados, supletoriamente, aceptaranse polo órgano de contratación outros medios de proba adecuados distintos aos sinalados no parágrafo anterior, tales como un informe técnico do fabricante, sempre que a falta de acceso non sexa por causa imputable ao mesmo e que este sirva para demostrar que o obxecto do contrato que proporcionará cumpre cos requisitos anteriormente sinalados.

CLÁUSULA 15.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

1.- O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios previstos nos apartados 7.A e 7.B da FEC.

2.- Os criterios avaliados mediante fórmula, agás que se fixe outro sistema de valoración no apartado 7.B da FEC, valoraranse da seguinte forma:

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obtérase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * P_{mx} * V_{of}}{V_{rb}}$$

Onde:

P_{mx}: puntuación máxima do criterio

V_{of}: valor ofertado de baixa

V_{rb}: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao V_{rb} aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

P_{mx}: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o V_{rb}

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o V_{rb}

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a) Cálculo do valor referencia dos incrementos (V_{ri}):

O valor do incremento ofertado obtérase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

- b) Para valorar incrementos inferiores ao Vri** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

- c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 16 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicaranse o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

CLÁUSULA 16.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

1.- Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

- a) **Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta o prezo como único criterio de valoración**, aplicaranse os parámetros obxectivos que se prevexan regulamentariamente.
- b) **Cando a adjudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adjudicación**, considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

2.- No apartado 7.D das FEC poderán fixarse outros criterios para determinar cando as ofertas son anormalmente baixas.

3.- Cando aplicando estes criterios, a Mesa de Contratación identifique unha o varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, notificaráselle ao licitador e concederáselle audiencia por un prazo de tres días hábiles para que xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións de acordo co establecido no artigo 149 da LCSP.

4.- Á vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a Mesa de Contratación deberá propoñer ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

da inclusión de valores anormais. Neste último caso, o órgano de contratación terá que excluíla do proceso de licitación.

5.- De conformidade co disposto no artigo 149.4 da LCSP, o órgano de contratación, en todo caso, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación, ou non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

6.- Cando presentasen ofertas empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de comercio, tomarase en conta unicamente aquela que sexa máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal.

CLÁUSULA 17.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

1.- A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á **Mesa de contratación do Concello de Vigo**, cuxa composición figura no perfil do contratante, que se atopa na páxina <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%3D>

- No prazo máximo de vinte días contado dende a data de finalización do prazo de presentación de ofertas, a Mesa reunirse para a cualificación da documentación do sobre A e a apertura do sobre B. Con carácter previo á cualificación do sobre A pola Mesa, reuniranse a Secretaría e a Presidencia para a súa desencriptación.
- Cualificada a documentación do sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación aos licitadores que teñan presentado correctamente a documentación persoal.
- Se a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións no DEUC ou nas declaracións responsables que se inclúen no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador neste procedemento, notificaralle aos interesados esta circunstancia, concedéndoselles un prazo de tres días para que os corrixan ou emenden.
- A continuación procederase á apertura do **sobre B**.
- A Mesa procederá á valoración do sobre B. Para estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil de contratante con carácter previo ao acto público de apertura do sobre C.
- A apertura do **sobre C** terá lugar, no día e hora anunciado no perfil de contratante. Nel darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación do sobre B ou do sobre C contradiga as previsións dos pregos. Esta circunstancia notificaráselle ao licitador rexeitado para os efectos oportunos.

3.- De todo o actuado deixarase constancia documental no expediente.

CLÁUSULA 18.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS

1.- A Mesa de Contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 150 da LCSP e elevará a correspondente proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación.

No acordo de clasificación requirirase ao licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar, para que presente, se non a achegara xa con anterioridade ou non figurase nun rexistro de contratistas, no prazo máximo de dez días hábiles:

- 1) A documentación acreditativa da súa aptitude para contratar enumerada na cláusula 9, tanto do licitador como daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra (personalidade xurídica, representación, solvencia e, no seu caso, medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato, habilitación profesional ou condición de centro especial de emprego ou empresa de inserción).
- 2) A acreditación da constitución de garantía definitiva e, no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9.B das FEC.
- 3) O Anexo IV deste prego que inclúe unha declaración responsable designando ao seu delegado, o acordo de confidencialidade e a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo.
- 4) O Anexo V deste prego que inclúe unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas.

2.- A Mesa de Contratación cualificará a documentación achegada polo licitador clasificado en primeiro lugar e, cando esta non sexa conforme co previsto no artigo 140 da LCSP e no apartado 1 desta cláusula, poderá requirirlle a súa emenda, concedéndolle para o efecto un prazo de tres días.

3.- Se o licitador clasificado en primeiro lugar non cumprimentase adecuadamente o requirimento inicial ou o requirimento de emenda nos prazos sinalados, entenderase que retira a súa oferta, e procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas (artigo 150.2 da LCSP). Ao licitador que non cumprimentase a documentación esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación (IVE excluído) en concepto de penalidade.

CLÁUSULA 19.- ADXUDICACIÓN

1.- A documentación presentada polo primeiro clasificado será revisada pola Mesa de contratación. De resultar correcta, a Mesa formulará proposta de adxudicación ao



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

órgano de contratación. En caso contrario, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas.

2.- O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación (artigo 150.3 LCSP).

3.- O órgano de contratación deberá adoptar o acordo de adxudicación nos seguintes prazos:

- 15 días, a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións, cando o único criterio de adxudicación sexa o prezo.
- 2 meses a computar desde a data de apertura das proposicións, cando se fixen unha pluralidade de criterios de adxudicación.

Estes prazos ampliaranse en quince días hábiles cando sexa preciso seguir o procedemento fixado no artigo 149 para a xustificación das ofertas anormais (artigo 158 LCSP).

4.- Se o procedemento non se adxudicase nestes prazos, os licitadores terán dereito a retirar as súas ofertas.

5.- A adxudicación do contrato será motivada, notificarase aos participantes na licitación e publicarase no perfil de contratante nun prazo máximo de 15 días (artigo 151 LCSP).

CLÁUSULA 20.- GARANTÍAS ESIXIBLES

1.- Poderán esixirse as seguintes garantías:

- **Provisional:** se así se indica no apartado 9.A das FEC. Cando a contratación se presente por lotes, as garantías provisionais presentaranse só respecto dos lotes aos que se licite. Neste caso establecerase o importe desagregado de garantías por lote.
- **Definitiva:** ao licitador clasificado en primeiro lugar, por un importe do 5% do prezo ofertado, sen incluír o IVE. Cando o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía será do 5% do orzamento base de licitación, IVE excluído.
- **Complementaria:** se así o esixe o apartado 9.B das FEC.

2.- As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 62 do RXLCAP.

3.- Admitirase a constitución de garantía definitiva mediante retención no prezo do contrato. Neste caso, o primeiro clasificado deberá indicalo por escrito, que se

achegará coa documentación enumerada na cláusula 18 deste prego. A retención practicarase integramente no primeiro pagamento. Se este fose inferior á contía da garantía, reterase a cantidade restante dos seguintes pagamentos ata completala.

4.- A constitución de garantía xustificarse, segundo sexa a súa forma de constitución, do seguinte xeito:

- **En efectivo ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados**, co resgardo xustificativo do seu depósito na Caixa do Concello de Vigo.
- Mediante **aval**, coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante **contrato de seguro de caución**, coa presentación do certificado individual de seguro.

5.- De non cumprir este requisito por causas imputables ao licitador, entenderase que este retirou a súa oferta procedéndose conforme ao previsto no artigo 150.2 da LCSP.

6.- A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 110 da LCSP.

7.- A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto no artigo 111 da LCSP.

CLÁUSULA 21.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación da adxudicación.

2.- Poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ao artigo 153 da LCSP.

3.- Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44 da LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

4.- Se por causas imputables ao adxudicatario, de conformidade co disposto no artigo 153.4 da LCSP, non se formalizara o contrato no prazo sinalado, esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

5.- Cando o contrato non se formalizase por causas imputables ao Concello indemnizarase ao contratista polos danos e perdas coa cantidade de 100 euros.

CLÁUSULA 22.- ACORDO DE NON ADXUDICACIÓN DO CONTRATO OU DE NON FORMALIZACIÓN E DESISTENCIA

1.- O órgano de contratación poderá acordar non adxudicar ou non celebrar o contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou a desistencia do procedemento, baseado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ambos os dous casos antes da formalización do contrato.

2.- Esta circunstancia deberá ser notificada aos licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o contrato fose anunciado no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 152 da LCSP).

3.- En caso de que o órgano de contratación acorde non adxudicar ou non celebrar o contrato, ou a súa desistencia, compensarase a cada un dos licitadores aptos para participar na licitación polos gastos xustificados nos que tivese incorrido (artigo 152 LCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros.

CLÁUSULA 23.- CÓDIGO ÉTICO

1.- Os licitadores e contratistas, nos procedementos de contratación, observarán os seguintes principios éticos e de conduta:

- a) Cumprir cos principios éticos e, no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
- b) Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediateamente en coñecemento do órgano de contratación.
- c) Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediateamente en coñecemento do órgano de contratación.

- d) Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
- e) Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos.
- f) Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
- g) Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
- h) O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.
- i) Cumprir co Plan antifraude do Concello de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2022.

2.- O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contradictorio.

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 24.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato executarase con subxección ao previsto no seu clausurado, neste prego, no prego de prescricións técnicas e na oferta do contratista, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formule, no seu caso, o órgano de contratación ao contratista.

2.- O contratista deberá presentar un programa de traballo para a execución do contrato no prazo dos 15 días seguintes ao inicio da execución. Poderá exceptuarse esta obriga no caso de que xa se presentara na oferta técnica ou cando pola natureza do servizo, o servizo xestor non o considerase necesario. Neste suposto indicárase esta circunstancia no apartado 16.I da FEC.

3.- O órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na Lei para cada tipo de contrato.

4.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

5.- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles e que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, da incorrecta execución do contrato.

6.- O contratista, deberá adoptar as seguintes medidas de carácter medioambiental durante a execución do servizo:

1. Minimización do consumo de auga e a súa reutilización.
2. Minimización do consumo de recursos naturais como materias primas e de combustibles.
3. Minimización da xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe.
4. Limpeza dos equipos e maquinaria utilizados para a prestación do servizo con produtos non contaminantes e en lugares adecuados para o efecto.
5. Minimización de ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias aos veciños e traballadores.
6. Os traballos que impliquen ruídos e vibracións molestas realizaranse en horarios compatibles co descanso dos cidadáns.
7. Os residuos susceptibles de reciclado depositaranse en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.

7.- No caso de que o contrato implique prestacións directas a favor da cidadanía deberán cumprirse as disposicións establecidas no artigo 312 da LCSP.

8.- Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 196 da LCSP.

No caso de que se reclame á Administración por danos causados polo contratista na execución do contrato, no procedemento correspondente o órgano de contratación declarará a responsabilidade imputable ao contratista imporalle o abono da indemnización ao prexudicado e indicarlle un prazo para o pagamento.

No suposto de incumprimento da citada resolución polo contratista, as cantidades determinadas pola Administración terán a consideración de crédito de dereito público, para os efectos da súa recadación polo órgano competente da Administración. As cantidades recadadas serán obxecto de entrega ao prexudicado.

9.- Nos supostos de incumprimento parcial, cumprimento defectuoso ou de mora na execución nos que non estea prevista penalidade, ou nos que estándoa non cubrise os danos causados á Administración, esta esixirá ao contratista unha indemnización polos danos e prexuízos causados. Para tal efecto, seguirase o procedemento fixado na cláusula 39 deste prego.

CLÁUSULA 25.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

1.- O contratista está obrigado:

- a) Ao cumprimento das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP. O incumprimento destas obrigas e, en especial, os incumprimentos ou os atrasos reiterados no pagamento dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa, dará lugar á imposición de penalidades nos termos previstos neste prego e na lexislación vixente na materia.
- b) A adoptar medidas medios dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción.
- c) Ao cumprimento das obrigas previstas no apartado 16.B das FEC.

2.- Terán a consideración de obrigas de carácter esencial, cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato, as seguintes:

- a) A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
- b) Nos contratos nos que opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
- c) O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.
- d) A obriga de cumprir coa adscrición dos medios persoais e materiais esixidos como solvencia. Esta obriga enténdese cumprida coa adscrición dun ou outro do mesmo tipo, requisitos e calidade, sendo medios substituíbles.

CLÁUSULA 26.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS E MORA

1.- O contratista estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en mora respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a mora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 193 da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

CLÁUSULA 27.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

1.- Establécense como condicións especiais de execución, que terán a consideración de obriga de carácter esencial:

a) A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato. Ao obxecto de poder comprobar o seu cumprimento, o contratista remitirá mensualmente coa factura os seguintes documentos:

- Declaración responsable de estar ao corrente de pagamento nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da factura presentada.

A administración resérvase o dereito de requirirle documentación probatoria destes pagamentos sempre que o estime oportuno.

b) Nos contratos cuxa execución implique a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

2.- No apartado 16.A das FEC deste prego poderán esixirse outras condicións especiais de execución. Enuméranse a continuación, a modo de exemplo, as seguintes:

A.- De tipo social ou relativas ao emprego tales como:

1º.- A inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ao emprego.

A empresa contratista ten a obriga de incorporar para a execución da prestación obxecto do contrato, cando menos un 20 por cento de persoas nas que concorran as citadas circunstancias. A porcentaxe de inserción computarase en relación co número total de horas que vaian destinarse á execución do contrato polos traballadores, tanto pola empresa contratista como, no seu caso, polos subcontratistas. Cando no contrato estea prevista a adxudicación por lotes, o contratista que resultase adxudicatario de dous ou máis lotes poderá decidir, se nas FEC non se establece previsión ao respecto, a forma de cumprimento do compromiso de contratación, e facelo ben de forma proporcional en cada un dos lotes ou mediante a súa aplicación a algún ou algúns dos lotes. Subsidiariamente, a empresa adxudicataria poderá acreditar o seu cumprimento mediante o compromiso de subcontratación cunha Empresa de Inserción ou un Centro Especial de Emprego, por idéntica porcentaxe respecto ao orzamento de adxudicación do contrato.

Sen prexuízo da seu eventual concreción ou determinación específica nas FEC, consideraranse en especial dificultade para acceder ao emprego as seguintes persoas:

- a) As persoas perceptoras de renda de inclusión social, ou prestación de igual natureza. A condición de beneficiario acreditarase por certificado dos servizos sociais correspondentes.
- b) As persoas con discapacidade, con minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%. Acreditarase con certificado expedir polo organismo oficial competente.
- c) As persoas desempregadas de longa duración inscritas como demandantes de emprego durante cando menos 12 meses e de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- d) As persoas maiores de 50 anos inscritas como paradas cando menos durante 3 meses continuados e, en particular, aquelas que non teñan cotizado o período esixido para xerar dereito á pensión de xubilación. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- e) As mulleres maiores de 30 anos que accedan por primeira vez ao emprego. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- f) Os xoves de entre 18 e 30 anos de idade inscritos como parados durante un mínimo de 6 meses de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- g) Os proxenitores de familias monoparentais inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada e con descendentes ao seu cargo sen actividade retribuída. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego.
- h) As persoas pertencentes a familias numerosas inscritas como paradas un mínimo de 3 meses de forma continuada con máis de tres membros dependentes. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego ou social.

A empresa contratista comunicará os datos relativos ás persoas seleccionadas, e presentará os contratos de traballo e a copia do alta na Seguridade Social no prazo dun mes desde que se realicen as contratacións do persoal establecidas nesta condición de execución.

Se existise o deber de subrogar ao persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impedisen cumprir coa porcentaxe sinalada, a empresa deberá contratar este perfil de persoas en todas as novas contratacións, baixas e substitucións que precise ou se produzan ata alcanzar a devandita porcentaxe.

Mentres dure a prestación do contrato, a empresa contratista deberá presentar os TC1 e TC2 e o libro de matrícula da empresa con carácter mensual, para que o responsable do contrato poida comprobar o efectivo cumprimento desta condición.

2º.- A empresa contratista establecerá medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato, conforme ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

3º.- Se para a execución do contrato se utilizasen produtos susceptibles de ser fabricados en países en vías de desenvolvemento, o contratista deberá acreditar o respecto dos dereitos laborais básicos ao longo de toda a cadea de produción.

A empresa licitadora poderá acreditar estas circunstancias por algún dos seguintes medios:

- Certificado de código de conduta (SA 8000 / Fair Wear Foundation, Made in Green, ou equivalente).
- Certificación de auditoría social realizada por empresas externas.
- Mediante declaración responsable na que se manifeste o cumprimento dos estándares fixados na Resolución 2005/2245 (IMI) do Parlamento Europeo sobre comercio xusto e desenvolvemento.

B.- De carácter medioambiental tales como:

- a) A redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- b) A redución de emisións de partículas contaminantes.
- c) A eficiencia enerxética e utilización de fontes de enerxía renovables.
- d) A minimización de vertido á auga das sustancias priorizadas pola Directiva Marco do Auga (2000/60/CE).
- e) A eliminación ou redución da utilización de produtos ou sustancias perigosas carcinoxénicas, mutaxénicas e tóxicas.
- f) A minimización do consumo de recursos naturais como materias primas, combustibles e auga.
- g) A mínima xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe.
- h) A incorporación de materiais reciclados ao produto final.
- i) Cumprimento dalgunhas etiquetas ecolóxicas, tales como a norma UNE-EN ISO 14006:2020 de codiseño e outros distintivos de calidade do produto ou servizo.
- j) Reutilización e/ou reciclado de envases e produtos usados e a súa correcta eliminación a través de xestor autorizado.
- k) Recollida selectiva dos residuos, mantendo as diferentes fraccións separadas para a súa correcta xestión.
- l) Formación en materia medioambiental do persoal destinado á execución do contrato (xestión de residuos, de produtos, redución de consumos de enerxía e auga ou outros aspectos derivados das condicións ambientais establecidas no contrato).
- m) Elaboración de instrucións de traballo que conteñan principalmente información ambiental, de saúde laboral e de seguridade e que estean accesibles nos postos de traballo.
- n) A utilización na execución do contrato de medios de transporte e/ou maquinaria coa menor afectación ao medio ambiente.

3.- O cumprimento destas condicións especiais de execución poderá verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente. En todo caso, comprobarase esta

circunstancia ao tempo da finalización do contrato. Para estes efectos, en todos os contratos, coa última factura, o contratista presentará unha memoria xustificativa deste cumprimento.

4.- O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste prego e na lexislación vixente na materia.

5.- Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

CLÁUSULA 28.- PERSOAL DO CONTRATISTA

1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ao seu cargo en virtude desta adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e coa máxima calidade e eficiencia. En concreto, garantirá:

- a) A cobertura permanente dos postos de traballo ofertados na súa proposición e coas súas correspondentes funcións. En consecuencia, o contratista efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións precisas do persoal que teña asignado ao servizo, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. Por outro lado, en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o contratista deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ao servizo, sendo ao seu cargo o incremento dos custos que se produza por tal causa.
- b) A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignados ao contrato. A incapacidade demostrada dalgún empregado para o servizo, poderá xustificar o requirimento da súa substitución, por parte do órgano de contratación, a través do responsable do contrato.

2.- O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa contratista, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de ningunha clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o contratista e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

3.- O contratista comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado ao servizo con cargo ao prezo da adxudicación do contrato, cun salario igual ou superior ao fixado no convenio colectivo que resulte de aplicación ao sector. O contratista asume de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de xeito



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo.

4.- O contratista queda obrigado, respecto ao seu persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento.

5.- En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o contratista, con exclusión da Administración, suspensión será o único responsable das consecuencias que se deriven ao abeiro da lexislación vixente.

6.- Será obriga do contratista uniformar e identificar convenientemente a todo o persoal durante o tempo que desenvolva o servizo, facilitándolles a roupa de traballo e elementos de protección adecuados en cada caso seguindo as directrices que ao respecto lle dite o órgano de contratación. Este persoal deberá dispor dalgún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista.

7.- Unha vez adxudicado o contrato e, en todo caso, previamente ao inicio da súa execución, o contratista comunicará ao Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba ao servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Así mesmo, se durante a execución do contrato se desenvolven actividades que impliquen contacto con menores, o contratista deberá achegar a certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais relativa aos seus traballadores.

Durante a execución do contrato, comunicará calquera variación que poida producirse con relación ao persoal.

8.- O contratista estará obrigado a presentar mensualmente unha declaración responsable de estar ao corrente do pagamento das cotas á Seguridade Social do persoal adscrito á prestación do servizo, así como de todas as súas obrigas salariais co mesmo, de acordo cos seus contratos e os convenios colectivos de aplicación, agás dos que se atopen suspendidos pola xurisdición laboral competente. O responsable do contrato poderá requirirille en calquera momento os documentos acreditativos destes extremos, concedéndolle un prazo de cinco días hábiles para a súa presentación.

9.- O contratista estará obrigado a responder dos salarios non pagados aos traballadores afectados por subrogación, así como das cotizacións á Seguridade social devindicadas, aínda no caso de que se resolva o contrato e aqueles sexan subrogados polo novo contratista, sen que en ningún caso dita obriga corresponda a este último, nos termos establecidos no artigo 130 da LCSP.

10.- Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar, por escrito, ante o servizo xestor do expediente, as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real decreto 171/2004, de coordinación de actividades empresariais:

- a) Que o contratista e as súas subcontratas realizaron para o servizo obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- b) Que o contratista e as súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

11.- O contratista designará un delegado que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello e velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato, e a través do cal se canalizarán as posibles incidencias que xurdan na execución do contrato. Agás casos excepcionais debidamente xustificadas, o responsable municipal do contrato unicamente manterá relación por razón da execución do mesmo co responsable designado pola empresa, sen prexuízo da debida relación de cordialidade e colaboración co resto do persoal do contratista no desenvolvemento do seu traballo.

12.- Á extinción do contrato de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal do Concello de Vigo.

13.- Con independencia de que os pregos inclúan ou non o listado do persoal que presta o servizo a contratar no momento da licitación, a obriga da empresa contratista de subrogarse nas relacións de traballo preexistentes producirase, ou non, consonte ao dereito laboral.

A subrogación prodúcese ou ben por imperativo legal ou ben por establecelo así o convenio colectivo aplicable aos traballadores que prestan o servizo.

14.- O contratista, na última anualidade do contrato, a requirimento do responsable deste, deberá achegar o listado do persoal que puidera ter dereito a subrogación, facendo constar que tal información se facilita en cumprimento do previsto no artigo 130 da LCSP.

No listado de persoal indicaranse, como mínimo, os seguintes datos: o convenio colectivo de aplicación e os detalles de categoría profesional, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores aos que afecte a subrogación, os cales serán identificados unicamente polas iniciais do seu nome.

O contratista presentará no Rexistro Xeral do Concello o citado listado de persoal, asinado polo representante da empresa, que constará identificado na mesma, no prazo dos quince días seguintes ao requirimento.

O contratista responderá da veracidade destes datos. No caso de que unha vez producida a subrogación os custos laborais fosen superiores aos que se desprendesen da información facilitada polo antigo contratista ao órgano de contratación, o contratista terá acción directa contra o antigo contratista, de acordo co disposto no artigo 130.5 LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

15.- O disposto no apartado anterior respecto da subrogación de traballadores resultará igualmente de aplicación aos socios traballadores das cooperativas cando estes estivesen adscritos ao servizo ou actividade obxecto da subrogación ou cando a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato a adxudicar fose un Centro Especial de Emprego, respecto das persoas con discapacidade que viñesen desenvolvendo a súa actividade na execución do referido contrato e tivesen dereito de subrogación.

CLÁUSULA 29.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- O contratista deberá respectar nas súas actuacións o Regulamento (UE) 2016/679 Europeo de Protección de Datos, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD), o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, no que non se opoña a lei e o regulamento europeo.

2.- O acceso aos datos de carácter persoal, necesarios para a prestación do servizo, non se considerará comunicación de datos.

3.- O contratista terá a consideración de encargado do tratamento (artigo 28 da LOPDGDD), obrigándose especialmente a:

- a) Circunscribir o tratamento de datos de carácter persoal exclusivamente ás actuacións necesarias para satisfacer o obxecto do contrato e as necesidades administrativas. Queda prohibido utilizar a información á que se teña acceso para finalidades diferentes, así como a revelación ou comunicación de datos a terceiros, nin sequera para a súa conservación; respondendo persoalmente, en caso contrario, das infraccións en que tivera incorrido (artigo 12.4 da LOPD), quedando exonerado expresamente o responsable do tratamento de calquera responsabilidade.
- b) Gardar a debida confidencialidade e segredo sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso con motivo da prestación do servizo. Igualmente deberá informar aos seus empregados de que só poden tratar a información á que accedan en virtude do contrato para cumprir o servizo obxecto deste prego e tamén da obriga de non facelos públicos, ceder ou allear cantos datos coñezan.
- c) Adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste contrato, en función do nivel de seguridade que sexa aplicable, e que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. O contratista deberá dispoñer dun documento de seguridade actualizado, ter definido perfís de usuarios e establecido os correspondentes controis para o acceso aos datos de carácter persoal e medidas suficientes para a identificación e autenticación de ditos usuarios, así como dispoñer dos preceptivos procedementos de xestión de incidencias, xestión de soportes e

documentación (incluídos criterios de arquivo, almacenamento e custodia de ficheiros non automatizados), realización de copias de respaldo, e recuperación de datos.

- d) Entregar ao Concello de Vigo, unha vez finalizado o prazo de vixencia do contrato, toda a documentación, tanto en soporte material como informático, referente ás persoas usuarias do servizo que se atopen no seu poder como consecuencia deste contrato, así como garantir o borrado de todos os ficheiros que poidan existir nos seus equipos informáticos con datos relativos ás mesmas persoas, agás no caso de que exista a obriga do encargado de conservar os datos para atender posibles responsabilidades legais, en cuxo caso, poderá mantelos bloqueados exclusivamente coa indicada finalidade.

4.- Se un terceiro trata datos persoais en nome do contratista encargado do tratamento, debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Dito tratamento deberá especificarse no contrato asinado polo terceiro e o contratista.
- b) Que o tratamento de datos persoais estea de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.
- c) Que o contratista encargado do tratamento e o terceiro formalicen un contrato nos termos previstos na LOPDGDD.

Nestes casos, o terceiro tamén será considerado encargado do tratamento.

5.- O contratista ten a obriga de comunicar calquera cambio que se produza ao longo da vida do contrato na información contida na declaración relativa á ubicación dos servidores e localización do lugar de prestación dos servizos asociados aos mesmos.

CLÁUSULA 30.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación contratada.

i.- Recepción do obxecto do contrato

No caso de que o servizo sexa susceptible de recepción, realizarase no prazo dun mes contado desde a súa finalización. Se procedese establecer un prazo especial de recepción ou fose necesaria unha forma particular de facela, especificaranse no apartado 16.J das FEC.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Ao tempo da recepción comprobarase, en particular, o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- 1ª) O cumprimento do contrato nos seus propios termos
- 2ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación
- 3ª) O cumprimento das condicións de execución

Se a prestación obxecto do contrato reúne as condicións debidas procederase á súa recepción, estendéndose para o efecto acta de conformidade polo responsable do contrato.

Se a prestación do contratista non reunise as condicións necesarias para proceder á súa recepción, o responsable do contrato comunicará por escrito ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que estime oportuno, non procedendo a recepción ata que as devanditas instrucións sexan cumprimentadas polo contratista, levantándose entón a acta correspondente.

A falta de acta de conformidade terá a mesma consideración a certificación acreditativa da prestación do servizo estendida polo responsable do contrato que se achegue xunto coa última factura.

ii- Propiedade dos traballos realizados

Se no obxecto do contrato se inclúe a redacción de proxectos, estudos ou similares, estes serán propiedade da Administración, correspondéndolle os dereitos de explotación. Non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen previa e expresa autorización do órgano de contratación.

De conformidade co artigo 308 da LCSP os contratos de servizos que teñan por obxecto o desenvolvemento e a posta a disposición de produtos protexidos por un dereito de propiedade intelectual ou industrial levarán aparellada a cesión íntegra deste dereito ao Concello de Vigo.

Igualmente, os traballos que constitúan obxecto de propiedade intelectual entenderanse expresamente cedidos en exclusiva ao Concello de Vigo, agás no caso de dereitos preexistentes, nos que a cesión pode non ser con carácter de exclusividade.

CLÁUSULA 31.- RÉXIME DE PAGAMENTO

1.- O pagamento efectuarase no prazo dos 30 días seguintes á data da acta de recepción de conformidade, xa sexa parcial ou total, ou a certificación que a substitúa, tras a execución polo contratista da prestación obxecto do contrato.

2.- O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos no artigo 198.3 LCSP. Neste caso, esixiráselle a constitución de garantía en calquera das formas legalmente admitidas, cando os abonos a conta excedan dun 30%.

3.- As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que se atopa adherido o Concello de Vigo, son os identificados nos apartados D), E) e F) do apartado primeiro das FEC.

4.- Na factura deberán constar os seguintes aspectos:

- A identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: Servizo de Contabilidade/Fiscalización
- A identificación do órgano de contratación: Xunta de Goberno local do Concello de Vigo
- A identificación do destinatario: o servizo xestor do contrato mencionado no apartado 1.B das FEC

5.- En todo caso, o réxime concreto de pagamento do contrato fixarase no apartado 11 das FEC.

CLÁUSULA 32.- REVISIÓN DE PREZOS

1.- Os prezos desta contratación non poderán ser obxecto de revisión, agás que se determine a súa procedencia no apartado 3.K da FEC conforme á fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado.

2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagamentos parciais para cuxo efecto se tramitará ao comezo do exercicio económico o oportuno expediente de gasto para a súa cobertura. Os posibles desaxustes que se produzan respecto do expediente de gasto aprobado no exercicio poderanse facer efectivos na última factura.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de contratación.

CLÁUSULA 33.- PRAZO DE GARANTÍA

Cando a natureza da prestación o requira ou a lexislación pertinente o esixa, establecerase un prazo de garantía daquela que será o sinalado no apartado 10 das FEC ou o que resulte da oferta presentada polo adxudicatario, e o seu cómputo comezará a partir da data da recepción da prestación obxecto do contrato, sendo de aplicación o disposto no artigo 311 da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

CLÁUSULA 34.- SUSPENSIÓN DO CONTRATO

1.- O órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución nos seguintes supostos:

- a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes.
- b) A instancia do contratista cando o Concello se demore no pagamento do prezo máis de catro meses conforme o disposto no artigo 198.5 da LCSP.
- c) Por razóns de interese público.

Nos dous últimos supostos o Concello deberá aboar ao contratista os danos e perdas que efectivamente se lle teñan causado por mor da suspensión, con suxeición ás regras contidas no artigo 208.2 da LCSP.

2.- Se a Administración acorda a suspensión do contrato ou se producise pola mora no pago do prezo do contrato pola Administración, expedirase un acta, de oficio ou a instancia do contratista, consignando as circunstancias que motivaron a suspensión do contrato e a situación de feito na execución do contrato.

CLÁUSULA 35.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1.- O Órgano de Contratación só poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 15.A das FEC, de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 205 da LCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación, consonte ao procedemento previsto no artigo 207 da LCSP. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 191, 203, 206 e 207 da LCSP.

2.- O contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira recollidos nos artigos 3 e 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cando conorra algunha das seguintes causas:

- Unha diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións orzamentarias
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financia o contrato para atender servizos públicos de carácter social ou asistencial
- Se trate de medidas derivadas dun plan de axuste

Estas modificacións poderán consistir en:

- Redución das prestacións obxecto do contrato, ata o 50% do prezo do contrato
- Ampliación do prazo de execución do contrato, ata o 50 % do prazo inicial do contrato

3.- As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión -en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo aos

importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación. Así mesmo, deberán reaxustarse as garantías definitivas.

4.- No caso de modificacións previstas no PCAP a cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

CLÁUSULA 36.- INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS

1.- Considerarase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas establecidas neste prego, e nas demais normas de xeral aplicación por causas que lle resultan imputables.

2.- Os incumprimentos contractuais clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause á Administración ou aos usuarios.

3.- Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumprimentos contractuais ou cumprimentos defectuosos previstos a continuación:

a) Incumprimento das condicións especiais de execución

b) Incumprimento de criterios de adxudicación. Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

c) Mora no cumprimento do prazo total ou dos prazos parciais

d) Cumprimento defectuoso ou incumprimento das prestacións obxecto do contrato. Nos apartados 4, 5 e 6 desta cláusula relaciónanse algúns supostos de cumprimentos defectuosos. Estas enumeracións non teñen carácter exhaustivo, e poden presentarse outros supostos non previstos.

4.- Terán a consideración de **supostos de incumprimento ou cumprimento defectuoso MOI GRAVES:**

a) A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ao contratista, por un prazo que exceda de 24 horas, agás no suposto de folga legal.

b) A prestación manifestamente irregular do servizo.

c) A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa da Xunta de Goberno local, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.

d) O incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29 de novembro de 2010 e publicada no BOP do 29 de marzo de 2011.

- e) O incumprimento das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.
- f) Por incumprimento da obriga de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, cando así o impoña unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral.
- g) O incumprimento da obriga de información relativa ao persoal con dereito a subrogación prevista no artigo 130 da LCSP.
- h) A percepción polo contratista ou polo persoal ao seu servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación do servizo, sempre que neste último caso apercibido o contratista, non adopte as medidas necesarias para evitalo.
- i) O incumprimento polo contratista ou polas persoas dependentes da obriga de gardar sigilo e garantir a confidencialidade das actuacións practicadas con motivo da prestación do servizo, así como o incumprimento do disposto na lexislación de protección de datos. Considerarase confidencial toda a información que sexa presentada polo Concello de Vigo, agás que este expresamente, mediante acordo do órgano de contratación, autorice a súa divulgación. A información recibida será utilizada unicamente para o fin polo que o Concello de Vigo contrata, non podendo facer uso dela para ningún outro.
- j) A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes aos previstos nos pregos e na oferta do contratista.
- k) O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato.
- l) A falta de renovación das pólizas de seguro obrigatorias ou a súa renovación con coberturas inferiores as esixidas.
- m) A non emenda ao primeiro requirimento do Concello en caso de incumprimento das condicións especiais de execución consignadas na cláusula 27 e no apartado 16.A da FEC.
- n) Calquera modificación na prestación do servizo adoptada sen previa autorización municipal.
- o) Non facilitar a información prevista na cláusula 28.14 deste prego ou que a facilitada non sexa veraz.
- p) O ter incorrido en dous ou máis supostos de cumprimento defectuoso grave dos previstos neste prego, nun período dun ano, polos que se lle impuxese unha penalidade.
- q) Os supostos de cumprimento defectuoso que se inclúan con esta cualificación no apartado 16.C das FEC.

5.- Terán a consideración de **supostos de incumprimento ou cumprimento defectuoso GRAVES**:

- a) O atraso na prestación do servizo de forma non reiterada nin sistemática.
- b) A interrupción do servizo por calquera causa por prazo non superior a 24 horas, agás en caso de folga legal ou o atraso no comezo do servizo en máis dunha hora sobre o horario establecido.
- c) A incorrección e descortesía do persoal do servizo co público.
- d) A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.
- e) O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á prestación do servizo impartidas pola Administración municipal ao contratista e no prazo que para o efecto outorgue.
- f) A falta de decoro ou aseo persoal ou do uso do uniforme regulamentario polo persoal ao servizo do contratista cando este fose esixido.
- g) A falta de presentación da documentación necesaria para o cumprimento das obrigas de información recollidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- h) O atraso superior a 15 días naturais en facilitar a información prevista na cláusula 28.14 deste prego, tras o requirimento da mesma efectuado polo responsable do contrato.
- i) Ter incorrido en dous ou máis supostos de cumprimento defectuoso leve dos previstos neste prego, nun período dun ano, polos que se lle impuxese unha penalidade.
- j) Os supostos de cumprimento defectuoso que se inclúan con esta cualificación no apartado 16.C das FEC.

6.- Terán a consideración de **supostos de cumprimento defectuoso LEVES**:

- a) O atraso inxustificado respecto ao horario de comezo do servizo que non exceda dunha hora, cando estivese estipulado un horario para o seu comezo.
- b) A imperfección non reiterada na prestación dos servizos.
- c) Falta de respecto ao público, aos inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade que legalmente non teña a consideración de grave o moi grave.
- d) Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación.
- e) Calquera outro suposto de cumprimento defectuoso non cualificado como grave ou moi grave neste prego.
- f) Os supostos de cumprimento defectuoso que se inclúan con esta cualificación no apartado 16.C das FEC.

CLÁUSULA 37.- CRITERIOS DE GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS

Para determinar a gravidade dos incumprimentos contractuais atenderase aos seguintes **criterios de gradación**:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.
- c) A reincidencia, por ter incorrido no termo dun ano en máis dun incumprimento contractual polo que se lle impuxese unha penalidade polo órgano de contratación.
- d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado.

CLÁUSULA 38.- PENALIDADES

1.- Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en mora no cumprimento, tanto do prazo total como cos prazos parciais establecidos, para a imposición de penalidades estarase ao disposto no artigo 193 da LCSP.

2.- No resto dos supostos de incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso previstos na cláusula 36, a contía das penalidades será:

- a) Ata un 1% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose leve.
- b) Ata un 5% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose grave.
- c) Ata un 10% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose moi grave.

3.- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

4.- A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ao contratista da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano de contratación, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

CLÁUSULA 39.- PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES

I. Órgano competente

As penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno local.

II. Procedemento

As penalidades imponseñanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días. Este acordo será inmediatamente executivo.

Se o incumprimento puidera conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

III. Pagamento das penalidades

Realizárase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixírase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo.

CLÁUSULA 40.- SUBCONTRATACIÓN

1.- O contratista poderá subcontratar execución do contrato, se ben o Órgano de Contratación poderá establecer no apartado 14.A das FEC determinadas tarefas críticas que non poderán ser obxecto de subcontratación, debendo estas ser executadas directamente polo contratista principal.

2.- A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 da Lei de Contratos do Sector Público.

3.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215.2 da LCSP, se produza unha falta de acreditación da aptitude do contratista ou das situacións determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, imporase ao contratista algunha das seguintes consecuencias:

- Unha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato, que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao previsto no artigo 194.2 da LCSP.
- A resolución, en caso de incumprimento da obriga principal do contrato.

4.- O contratista, unha vez formalizado o contrato, deberá comunicar ao responsable do contrato a relación dos nomes dos subcontratistas que interveñan na execución do contrato e presentar a DACI do Anexo V relativo aos mesmos, de non telo presentado unha vez clasificado.

CLÁUSULA 41.- CESIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

1.- Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2.2 desta cláusula, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

2.- Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- 1) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- 2) Que o cedente teña executado cando menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o contratista en concurso aínda que se abra a fase de liquidación, ou se puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.
- 3) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar.
- 4) Que a cesión se formalice en escritura pública.

3.- O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

CLÁUSULA 42.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

1.- A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de servizos no artigo 313 de devandita Lei.

2.- Será causas de resolución:

- a) O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.
- b) O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e, en particular, as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.
- c) A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ao contratista, por un prazo que exceda de 48 horas.
- d) A falsidade dos datos declarados polo contratista na súa oferta.

e) O incumprimento do código ético recollido na cláusula 23.1 deste prego durante a execución do contrato.

3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.F das FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 38. Esta opción só poderá exercitarse unha vez.

4.- O incumprimento das condicións especiais de execución previstas na cláusula 27.1 deste prego, que teñen carácter de obriga esencial aos efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP, será causa de resolución do contrato.

5.- No apartado 16.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.

6.- En caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.3 e 213.5 da LCSP.

CLÁUSULA 43.- LIQUIDACIÓN

Finalizado o contrato e transcorrido o prazo de garantía, no seu caso, practicarase a liquidación do contrato procedendo, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.

IV. XURISDICIÓN E RECURSOS

CLÁUSULA 44.- XURISDICIÓN

1.- As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 190 e 191 LCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnados ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo.

2.- O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios e os contratistas, aos Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na Cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

3.- No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

computado a partir do día seguinte á súa notificación ou en calquera momento se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel no que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, ao abeiro do previsto nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CLÁUSULA 45.- RECURSO DE ALZADA CONTRA OS ACORDOS DA MESA DE CONTRATACIÓN

1.- Os actos da Mesa de Contratación, dado que non esgotan a vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada perante o órgano de contratación, a Xunta de Goberno local, conforme ao previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).

2.- O prazo para a interposición do recurso será dun mes.

3.- A Xunta de Goberno local deberá ditar e notificar a resolución no prazo máximo de tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimado o recurso.

4.- Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, agás o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPAC.

CLÁUSULA 46.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.- Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos, sempre e cando se trate de contratos de servizos que teñan un valor estimado superior a 100.000 euros.

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos
- Os acordos de adxudicación
- As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP
- A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumbran os requisitos legais

2.- No apartado 1.J das FEC farase constar se o contrato obxecto deste prego está suxeito ou non a recurso especial en materia de contratación, que terá sempre carácter potestativo.

3.- A tramitación deste recurso axustarase ao disposto nos artigos 44 a 60 da LCSP.

4.- Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

ANEXO I

FOLLAS DE ESPECIFICACIÓN DO CONTRATO (FEC)

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A) **NÚMERO DE EXPEDIENTE:** 2005-441
- B) **SERVIZO XESTOR:** área de Fomento
- C) **RESPONSABLE DO CONTRATO:** Xefe da Área de Inversións
- D) **UNIDADE TRAMITADORA:** GE0000611 Vías e Obras
- E) **OFICINA CONTABLE:** GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- F) **ÓRGANO XESTOR:** L01360577 CONCELLO DE VIGO
- G) **TRAMITACIÓN:** ordinaria
- H) **TIPO DE PROCEDIMENTO:** aberto
- I) **TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA:** non
- J) **TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:** si
- K) **TRÁTASE DUN CONTRATO RESERVADO AO ABEIRO DO PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª DA LCSP:** non

2. OBXECTO:

- A) **OBXECTO DO CONTRATO:** a redacción dun proxecto de obra de rehabilitación da envolvente exterior do edificio consistorial do Concello de Vigo, co obxectivo de eliminar as patoloxías existentes e mellorar a eficiencia enerxética do mesmo, facilitando a súa integración no paisaxe urbano de Vigo
- B) **CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:**
 - **CPV:** 71242000-6 Elaboración de proxectos e deseños, orzamentos
 - **CATEGORÍA DO SERVIZO NO ANEXO IV DA LCSP:** non
- C) **NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN:** a redacción dun proxecto para a mellora dunha instalación municipal, dentro das competencias propias previstas no artigo 25.2.d (Outros equipamentos da súa titularidade) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local e no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- D) **LOTES:** non

3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 173.975,92 €
- B) **IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%):** 30.194,17 €
- C) **VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 143.781,75 €

	IMPORTE
ORZAMENTO EXECUCIÓN	120.825,00 €
GASTOS XERAIS (13%)	15.707,25 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	7.249,50 €
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	143.781,75 €

D) MÉTODO DE CÁLCULO DO VALOR ESTIMADO E CONCEPTOS QUE COMPRENDE: determinouse tomando, os prezos habituais no mercado, o importe total, sen incluír o IVE, pagadero segundo as estimacións. Ademais, tivéronse en conta os custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes

E) ANUALIDADES CON IVE:

2024	17.397,59 €
2025	156.578,33 €

F) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DE CADA LOTE: non

G) PREZOS UNITARIOS (con IVE): non

H) APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 9330 6320027, proxecto de gasto 24933027

I) ANTICIPADO DE GASTO: non

J) FINANCIADO/COFINANCIADO POR OUTRAS INSTITUCIÓN (en caso afirmativo, indicar cal): non

K) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: non

L) TRÁTASE DUN CONTRATO DE SERVIZOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DA ADMINISTRACIÓN CON ORZAMENTO MÁXIMO (DISPOSICIÓN ADICIONAL 33ª DA LCSP): non

4. PRAZO

A) PRAZO TOTAL: 4 meses

B) PRAZOS PARCIAIS:

No prazo máximo de 10 días desde a sinatura do contrato, o contratista presentará un programa de execución dos traballos que desenvolva o presentado coa súa proposición segundo o previsto na cláusula 4 do PPT.

A execución dividirase nas seguintes fases:

- Primeira fase: Estudos previos para a determinación técnica da execución do proxecto (prazo máximo de 15 días)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Segunda fase: Redacción do proxecto básico (prazo máximo de 30 días)
- Terceira fase: Revisión e adecuación do proxecto básico coas observacións realizadas polo responsable do contrato para dar cumprimento aos contidos obrigatorios que deberá recoller o proxecto de execución (prazo máximo de 15 días)
- Cuarta fase: Redacción do proxecto de execución (prazo máximo de 30 días)
- Quinta fase: Entrega definitiva do proxecto de execución da obra (prazo máximo de 30 días)

- C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN:** non
D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 1 de decembro de 2024

5. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL

- A) CLASIFICACIÓN ALTERNATIVA QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL:** non
- B) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:** os consignados na cláusula 9.1.3º deste PCAP (100.647,23 €)
- C) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL:** os consignados na cláusula 9.1.4º deste PCAP (121.783,14 €)
- D) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL AS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN:** os consignados na cláusula 9.1.5º deste PCAP para este tipo de empresas
- E) TAREFAS OU TRABALLOS QUE DEBERÁ REALIZAR DIRECTAMENTE O LICITADOR NO CASO DE QUE INTEGRE A SÚA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS:** non se fixan
- F) MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:**

- Medios persoais:

Posto	Titulación	Dedicación	Experiencia mínima (anos)	Traballos similares
Directores dos traballos	-Arquitectura (pre-Bolonia) ou grao en arquitectura con master en arquitectura de acordo co itinerario formativo establecido na orde EDU 2075/2010 ou titulacións equivalentes.	100%	10	Experiencia profesional en materia de proxectos e obras de construción, de obra civil ou edificación.

Técnico/a especialista estruturas	<p>-. Arquitectura (pre-Bolonia) ou grao en arquitectura con master en arquitectura de acordo co itinerario formativo establecido na orde EDU 2075/2010 ou titulacións equivalentes.</p> <p>ou</p> <p>-. Arquitectura técnica (pre-Bolonia) ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. T. Obras Públicas ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. Industrial ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. técnico Industrial ou titulación equivalente</p>	100%	10	Experiencia profesional en traballos en materia de cálculo de estruturas e instalacións.
Técnico/a especialista en proxectos de rehabilitación de fachadas e mellora da eficiencia enerxética.	<p>-. Arquitectura (pre-Bolonia) ou grao en arquitectura con master en arquitectura de acordo co itinerario formativo establecido na orde EDU 2075/2010 ou titulacións equivalentes.</p> <p>ou</p> <p>-. Arquitectura técnica (pre-Bolonia) ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. T. Obras Públicas ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. Industrial ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. técnico Industrial ou titulación equivalente</p>	100%	5	Experiencia profesional en materia de redacción de proxectos de rehabilitación de fachadas e mellora da eficiencia enerxética.
Técnico/a especialista en obras de rehabilitación de fachadas e mellora da eficiencia enerxética.	<p>-. Arquitectura (pre-Bolonia) ou grao en arquitectura con master en arquitectura de acordo co itinerario formativo establecido na orde EDU 2075/2010 ou titulacións equivalentes.</p> <p>ou</p> <p>-. Arquitectura técnica (pre-Bolonia) ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. T. Obras Públicas ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. Industrial ou titulación equivalente</p> <p>ou</p> <p>-. Enx. técnico Industrial ou titulación equivalente</p>	100%	5	Experiencia profesional en materia de execución de obra civil de rehabilitación de fachadas e mellora da eficiencia enerxética.
Coordinador de	<p>-. Arquitectura (pre-Bolonia) ou grao en arquitectura con master en</p>	100%	5	Experiencia profesional en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

seguridade e saúde	arquitectura de acordo co itinerario formativo establecido na orde EDU 2075/2010 ou titulacións equivalentes. ou - . Arquitectura técnica (pre-Bolonia) ou titulación equivalente ou - . Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente ou - . Enx. T. Obras Públicas ou titulación equivalente ou - . Enx. Industrial ou titulación equivalente ou - . Enx. técnico Industrial ou titulación equivalente con formación complementaria en prevención de riscos laborais (Curso de Coordinador de Seguridade e Saúde en obras de construción ou Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais - especialidade en Seguridade no Traballo)			traballos en materia de servizos de redacción de estudos de seguridade e saúde segundo o previsto no RD 1627/1997 de disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde en obras de construción.
--------------------	--	--	--	---

- **Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato:**

- Respecto da titulación esixida, deberen achegarse as titulacións académicas correspondentes expedidas por órgano competente.
- Respecto da experiencia profesional esixida, deberan presentar informe de vida laboral e currículum vitae acompañado de certificación ou declaración responsable asinada polos licitadores.

G) HABILITACIÓN PROFESIONAL: non se esixe

H) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE: non se contemplan

6. **CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES B E C**

A) CONTIDO SOBRE B:

Incluirá a Memoria descriptiva e construtiva da solución da proposta a realizar e a Memoria descriptiva do equipo de recursos humanos adscritos á execución do contrato co contido descrito no apartado 7A desta FEC.

Requisitos para a presentación da documentación da Memoria descriptiva e construtiva da solución da proposta:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 50 páxinas en formato A4. Na cuantificación deste documento teranse

en conta todas as páxinas que o compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos e demais páxinas incorporadas

- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño

- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado Memoria descritiva e construtiva da solución da proposta (MT)

Requisitos para a presentación da documentación da Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos á execución do contrato:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 20 páxinas, formato A4. Na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.

- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.

- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente ao Equipo adscrito a Obra (ET).

B) CONTIDO SOBRE C:

D./D^a., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado/a da licitación para a contratación por procedemento aberto do SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE: “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR”, expediente nº 2.005-441, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.

3.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de euros, o que supón un prezo total do contrato de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Será de aplicación a seguinte ponderación:

$$P = \frac{A}{100} \times PT + \frac{B}{100} \times PF$$

Sendo:

P: Puntuación total obtida da valoración da oferta

PT: Puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor

PF: Puntuación da avaliación dos criterios mediante fórmula

A: Ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (60)

B: Ponderación dos puntos dos criterios mediante fórmula (40)

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

Os criterios avaliados mediante xuízo serán avaliados ata un máximo de "PT= PT1+PT2=100 puntos" e terán un coeficiente de ponderación "A= 60".

1.- MEMORIA DESCRIPTIVA E CONSTRUTIVA DA SOLUCIÓN DA PROPOSTA (MT): valorarase con ata 90 puntos

a.- Contido e Xustificación do criterio.

O obxecto da valoración desta memoria debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista das obrigas derivadas da prestación dos servizos obxecto da licitación, presenta o licitador no marco da súa proposta técnica.

A partir do anteproxecto achegado, se desenvolvera dita memoria, que conterá os aspectos conceptuais do deseño, integración, materiais a empregar, que se estimen importantes e que contribúan a unha mellor definición e comprensión do proxecto. A memoria acompañarase dos datos e cálculos básicos correspondentes.

Incluirá ademais:

- Descrición das principais actuacións que reflecta os datos básicos, de maneira que o órgano de contratación poida facerse unha idea clara das solucións e alcance de cada actuación proposta no ámbito.
- Cálculo básico estimativo do custe segundo as solucións da idea presentada. Realizarase un orzamento estimado por capítulos, coa

inclusión de prezos e medicións aproximadas das partidas máis significativas que caractericen o proxecto.

- Relación detallada e valorada economicamente dos ensaios, probas e análises técnicas sobre o terreo, e en relación aquelas unidades construtivas que se considere necesario realizar previamente á redacción do proxecto.
- Planos de plantas, alzados, perspectivas xerais de todos aqueles esquemas, vistas, seccións, detalles e indicacións que a xuízo dos licitadores, aporten unha visión máis comprensible da súa proposta e expliquen mellor as características principais da mesma.
- Información sobre sistemas construtivos, características técnicas de instalacións, calidades de materiais, acabados, así como toda a información que se considere necesaria para que o traballo quede ben definido.

Acompañarase de infografías e/ou representacións visuais (mínimo de tres) que permitan ao órgano de contratación facerse unha composición completa da solución ofertada.

O contido desta memoria proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer as propostas do licitador para o desenvolvemento dos servizos obxecto desta licitación, de acordo coas esixencias do Prego de Prescricións Técnicas para un correcto funcionamento dos mesmos.

b.- Valoración do criterio.

Valorarase con **ata 90 puntos**. A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

1. Avaliación arquitectónica xeral técnica, económica e funcional da proposta: valorarase con ata 70 puntos

Valorarase a calidade arquitectónica da proposta, tendo en conta a coherencia e creatividade da proposta en canto ao grado de integración no entorno.

Asemade, valorarase a funcionalidade da proposta e adaptación as necesidades marcadas no PPTP, a racionalidade técnica das solucións estruturais, construtivas e das instalacións propostas, así como a adecuación e coherencia da solución proposta co presuposto presentado. Tamén se valorará o grado de desenvolvemento da solución e a claridade expositiva.

Da avaliación destes aspectos, se procederá a asignación da puntuación, para o cal se outorgara a maior puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

2. **Sustentabilidade medioambiental, eficiencia enerxética e mantemento:** valorarase con ata **20 puntos**

Valorarase tanto a adaptación da proposta presentada a criterios de sustentabilidade medioambiental, eficiencia enerxética como das solucións de mantemento adecuado no referente a materiais, solucións construtivas, instalacións ou outros elementos complementarios, así como o grado de desenvolvemento destas circunstancias.

Da avaliación destes aspectos, se procederá a asignación da puntuación, para o cal se outorgara a maior puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO (ET): valorarase con ata **10 puntos**

a.- Contido e xustificación do criterio.

A través deste criterio búscase avaliar os equipo de recursos humanos proposto para a prestación dos servizos, os cales redundarán na mellora da execución dos mesmos.

O que se pretende valorar coa introdución deste criterio, non é a experiencia xeral das empresas licitadores en contratos similares, o que non afectaría á calidade concreta desta actuación, e que sería en todo caso avaliable nos criterios de solvencia, senón os concretos equipos humanos e materiais propostos polos licitadores para a execución do contrato e a súa repercusión na mellora na calidade do mesmo.

Considérase necesario a introdución deste criterio debido ás especiais características das prestacións obxecto do contrato a licitar. Na mesma concorren diferentes requisitos que fan que a organización, cualificación e experiencia do persoal adscrito ao contrato e que vai a executar o obxecto do mesmo revista especial transcendencia.

b.- Valoración do criterio.

Valorarase con ata **10 puntos**.

Os licitadores presentarán unha memoria descritiva que recolla un organigrama que conteña a descrición e xustificación das actuacións,

dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir ó contrato, así como indicación da experiencia, cualificación e formación do equipo humano a adscribir a execución do contrato.

Este apartado incluírá a descrición da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación. Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias do obxecto do contrato, valorándose a alta experiencia acreditada en traballos similares así como a cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscripción ao servizo dos profesionais que vaian intervir.

Non será obxecto de valoración a experiencia e cualificación esixidas no apartado 5F desta FEC.

A puntuación deste apartado asignarase tendo en conta as seguintes circunstancias:

- A adaptación do equipo ao obxecto do contrato
- A concreción de todos e cada unha das traballos a realizar polos membros do equipo
- A experiencia acreditada en proxectos de similares características
- A cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar
- Organización adecuada do equipo humano a intervir no traballo

Da avaliación destes aspectos, se procederá a asignación da puntuación, para o cal se outorgara a maior puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

- Regras de valoración:

Establecese un limiar mínimo de puntuación dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor. Para estes efectos consideraranse:

- Ofertas con calidade técnica inadecuada: aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.
- Ofertas con calidade técnica suficiente: aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor igual ou superior o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.

As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Non se terán en conta nesta fase os descontos de puntuación por incumprimento dos requisitos formais de presentación das proposicións.

A continuación, comprobarase se as ofertas con calidade técnica adecuada cumpren cos requisitos formais de presentación das proposicións e, de non ser así, efectuaranse os seguintes descontos, aplicables aos dous criterios avaliados mediante xuízo de valor:

- Cando a documentación de cada un dos criterios non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato das páxinas, número máximo de páxinas ou arquivo único, procederase á súa valoración técnica, pero descontarase o 30% da puntuación total asignada a cada criterio.

B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de "PF= PE= 100 puntos" e un coeficiente de ponderación "B= 40".

1.- Redución do prezo do contrato: valorarase con ata **40 puntos**

O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de PE= 100 puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada.

O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros) (sen IVE).

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $Be < Bi \leq BE$:

$$PE = 98,5 + (1,5 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,85*Be < Bi \leq Be$:

$$PE = 95 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,65*Be < Bi \leq 0,85*Be$:

$$PE = 87,50 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0 \cdot Be \leq Bi \leq 0,65Be$:

$$PE = 87,50 \cdot \left(\frac{Bi}{0,65 \cdot Be} \right)$$

Sendo:

PE = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 100,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi < Br + \sigma'$, e sempre que dito valor sexa igual ou superior as seguintes referencias:

- Si $Bm \leq 10 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,55$
- Si $Bm > 10\% \text{ e } \leq 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,70$
- Si $Bm > 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,85$

De non cumprirse a condición anterior, o valor “Be” será o resultado das referencia anteriores.

Ditos cálculos serán realizados coas ofertas das empresas admitidas utilizando os criterios definidos para Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas.

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as ofertas admitidas.

C) COMITÉ DE EXPERTOS (en caso afirmativo, COMPOSICIÓN): si

- Composición do Comité de Expertos:

- María Luisa Sobrino del Río, arquitecta e xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo
- Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial
- Óscar Couce Senra, técnico de Administración Xeral



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

D) CRITERIOS PARA DETERMINAR QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun balor (B_i) que cumpra as seguintes condicións:

Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da “baixa de referencia” (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K * \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = será igual ao valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o orzamento base de licitación para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)

B_m = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (B_i) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$ = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:
($B_m - \delta$) $\leq B_i \leq$ ($B_m + \delta$)

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

δ' = desviación típica das (B_i) ofertadas que cumbran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumbran a condición sinalada para o cálculo de B_m , e para o calculo da δ' , "n" será igual o numero de ofertas que cumbran coa condición sinalada para o calculo de B'_m

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) \leq 10\%$

Si $\sigma' \leq 0,5$;	K=10,00
Si $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	K=5,20
Si $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	K=3,60
Si $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	K=2,80
Si $\sigma' > 2$ y ≤ 3	K=2,00
Si $\sigma' > 3$	K=1,80

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 10\%$ y $\leq 18\%$

Si $\sigma' \leq 0,5$;	K=9,00
Si $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	K=4,90
Si $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	K=3,50
Si $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	K=2,90
Si $\sigma' > 2$ y ≤ 3	K=2,10
Si $\sigma' > 3$	K=1,70

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 18\%$

Si $\sigma' \leq 0,5$;	K=8,00
Si $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	K=4,50
Si $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	K=3,80
Si $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	K=2,80
Si $\sigma' > 2$ y ≤ 3	K=2,00
Si $\sigma' > 3$	K=1,70



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Cando o número de ofertas sexa inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha B_i que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da “baixa de referencia” B_r , sendo o valor $B_r = B_m$.

B_r = media aritmética das (B_i) ofertadas. B_i calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 5$ si $n < 5$

Para os efectos de establecer este promedio, terase en conta si existen ofertas de empresas que formen parte dun mesmo grupo, para o cal se actuará segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, cando presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

8. VARIANTES

- A) ADMÍTENSE VARIANTES:** non
- B) REQUISITOS MÍNIMOS:**
- C) MODALIDADES:**
- D) CARACTERÍSTICAS:**

9. GARANTÍAS

- A) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL (en caso afirmativo, importe):** non
- B) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA (en caso afirmativo, importe):** non
- C) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA DEFINITIVA:** si, o 5% do importe de adxudicación sen IVE

10. PRAZO DE GARANTÍA

Fíxase un prazo de garantía dun ano, a contar desde o derradeiro dos servizos prestados, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen proceder con arranxo á normativa específica.

11. RÉXIME DE PAGAMENTO

A facturación dos traballos realizarase da seguinte maneira segundo as fases establecidas na Cláusula 4 do PPT:

- Coa entrega da documentación obrigatoria para a “Segunda Fase”, se facturará un 10% do prezo do contrato.

- Coa entrega da documentación obrigatoria para a “Cuarta fase”, se facturará un 50% do prezo do contrato.
- Coa entrega definitiva do proxecto de execución da obra, se facturará o restante 40% do prezo do contrato.

Exerceráse a estes efectos o debido control sobre o desenvolvemento dos servizos definidos no PPT.

12.LUGAR DE ENTREGA DAS PRESTACIÓNS

A Casa do Concello, sita na Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo.

13.ASEGURAMENTO

A) PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO (en caso afirmativo, clase e contía): si, de riscos profesionais e responsabilidade civil que cubra a responsabilidade decenal do proxectista prevista no artigo 315.2 da LCSP por un importe de 5 veces o prezo do contrato de servizos

14. SUBCONTRATACIÓN

A) TAREFAS CRÍTICAS NON OBXECTO DE SUBCONTRATACIÓN: non se fixan

15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: non

B) ASPECTOS A MODIFICAR:

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN:

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

A) OUTRAS CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:

- De tipo medioambiental:

- Toda a documentación presentada polo adxudicatario en formato impreso entregarase en papel con selo FSC (Forest Stewardship Council, Consello de Administración Forestal) ou certificación equivalente.

B) OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO CONTRATISTA:

- **OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- 1) Obrigatoriedade de asistencia reunións: para garantir a necesaria coordinación dos redactores coa Concellería de Fomento e Servizos durante o proceso de redacción do proxecto, o adxudicatario está obrigado a asistir a cantas reunións e entrevistas fosen necesarias, a xuízo do responsable do contrato, para a correcta realización do contrato encomendado, correndo por conta do adxudicatario cantos desprazamentos fose necesario realizar para o efecto.

- C) OUTROS SUPOSTOS DE INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL E/OU PENALIDADES:** non se fixan
- D) OUTRAS CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:** non se fixan
- E) INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP:** non procede
- F) ESÍXESE INFORME DE PROBAS OU UN CERTIFICADO COMO MEDIO DE PROBA DO CUMPRIMENTO DAS PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ESIXIDAS, DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN OU DAS CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:** non
- G) CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO:** non
- H) CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL OU INDUSTRIAL:** o/s autor/es ceden os dereitos derivados do seu traballo ao Concello de Vigo de forma exclusiva tanto en relación aos dereitos morais como patrimoniais vinculados coa totalidade do contido do proxecto executado
- I) EXCEPTÚASE A OBRIGA DE PRESENTAR PROGRAMA DE TRABALLO:** non
- J) OBSERVACIÓNS:**

- VISITA AS INSTALACIÓNS

A visita ao edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sito en Praza do Rei s/n, realizarase o día 3 de decembro de 2024, as 10.00 horas. A súa duración estimada é de 3 horas.

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Iniciarase o día 4 de decembro de 2024 e rematará o día 14 de xaneiro de 2025.

- CORRECCIÓN DE ERROS, INDEMNIZACIÓNS E RESPONSABILIDADES NA ELABORACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS

Estarase ao disposto nos artigos 314 e 315 da LCSP.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(A PRESENTAR POLOS LICITADORES NO SOBRE A)

D./D^a., con DNI con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura).
Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

a) COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO

Manifesta que se compromete a cumprir o código ético regulado na cláusula 23.1 do prego que rexe esta contratación.

b) COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN DE UTE (cubrir só en caso afirmativo)

Que concorre a esta licitación en UTE coas seguintes mercantís: De resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nas seguintes porcentaxes, nomeando como representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a súa extinción a

c) DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SOMETEMENTO Á XURISDICIÓN ESPAÑOLA NO CASO DE QUE O LICITADOR SEXA ESTRANXEIRO (cubrir só en caso afirmativo)

Que se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que lle puidese corresponder (si/non).

d) COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS (cubrir só en caso afirmativo)

Que se compromete a adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais esixidos no apartado 5.F do Anexo I -FEC- do PCAP (expte. nº) (si/non).

e) GRUPO DE EMPRESAS

A empresa á que represento (elixir opción):

- Non pertence a un grupo de empresas.
- Si pertence a un grupo de empresas pero ningunha delas concorre a esta licitación.
- Si pertence a un grupo de empresas e relaciónanse a continuación as outras empresas do grupo que participan nesta licitación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

f) TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS: SUBCONTRATAÇÃO SERVIDORES

A empresa á que represento (elixir opción):

Ten a intención de subcontratar os servidores ou os servizos asociados a estes.

Nome ou perfil empresarial da empresa a subcontratar, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas:
Ubicación dos servidores e localización do lugar de prestación dos servizos relativos a estes:

Non ten a intención de subcontratar os servidores ou os servizos a eles asociados.

g) DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES (DACI)

Primeiro.- Declara estar informado do seguinte:

1.- Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses» do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que "existirá un conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións estea comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal".

2.- Que o artigo 64 "Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses" da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como "calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, ten directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no marco do procedemento de licitación".

Segundo.- Que porá en coñecemento do Servizo de Contratación do Concello de Vigo, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses que xurda, ou que poida dar lugar ao devandito conflito, para a súa tramitación perante o órgano de contratación, deixando de tomar parte no procedemento e actividades relacionadas.

h) DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR

Declara que non está incurso, nin o empresario persoa física ou, no caso das persoas xurídicas, nin o representante nin a empresa que representa, en ningún dos supostos

legais de incapacidade nin incompatibilidade para contratar previstas no artigo 71 da LCSP, nin por si mesmos nin por extensión consonte ao previsto no artigo 71.3 da citada lei.

i) DECLARACIÓN DE VIXENCIA DOS DATOS DO REXISTRO DE CONTRATISTAS

No suposto de estar inscrito nun rexistro de contratistas, declara que está inscrito no Rexistro co número e os datos que nel figuran son certos e non experimentaron variación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

ANEXO III

DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO

(A PRESENTAR POLOS LICITADORES NO SOBRE A CANDO PROCEDA)

D./D^a., con DNI con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura).

Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

Que porá a disposición de (nome do licitador) os seguintes medios externos para integrar a súa solvencia en virtude de contrato a celebrar/celebrado con, coas seguintes características

ANEXO IV

NOMEAMENTO DO DELEGADO DO CONTRATO E ACORDO DE CONFIDENCIALIDADE E PARA A AUTORIZACIÓN DO ACCESO Á REDE DO CONCELLO DE VIGO

(A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR)

a) NOMEAMENTO DO/A DELEGADO/A DO CONTRATO

D./D^a., con DNI e con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura).

Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DESIGNA a D./D^a. como delegado/a deste contrato, que será o/a único/a interlocutor/a entre a empresa e o Concello. Velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato a través del canalizaranse as posibles incidencias que xurdan na execución.

b) ACORDO DE CONFIDENCIALIDADE E PARA A AUTORIZACIÓN DO ACCESO Á REDE DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo, por medio deste documento, pon en coñecemento e informa a (Nome/Apelidos) con DNI, administrador/a ou representante da empresa, das condicións e obrigas seguintes:

1. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos, no contrato ou que pola súa natureza deba ser tratada como tal.

O deber de segredo e confidencialidade respecto de toda información reservada á que, directa ou indirectamente, o contratista acceda e/ou poida ter coñecemento ou acceso como consecuencia da realización dos traballos de (asunto), núm. expte: (nº expte), obxecto de contratación polo Concello de Vigo, comprende tamén o acceso e utilización da rede corporativa do Concello de Vigo á cal teña acceso para o cumprimento das obrigas dimanantes do contrato administrativo formalizado, con suxeición á lexislación que resulte de aplicación.

2. Para os efectos desta cláusula, terá a consideración de **información confidencial**, toda información de carácter económico, financeiro, técnico, comercial, estratéxico, administrativo ou de outro tipo á que se teña acceso con motivo da execución do obxecto do contrato, en especial a relativa a informes, expedientes administrativos, documentación municipal, coñecementos técnicos, compoñentes software, instalacións, metodoloxías, produtos, *know how*, servizos, usuarios de servizos, boas prácticas, técnicas de *management* público, políticas públicas e documentos derivados da planificación estratéxica na xestión pública municipal Así como datos e información de carácter persoal, recollida en calquera soporte, tanto papel como informático, e documentación de calquera outro tipo, que teña sido clasificada como de propiedade exclusiva ou confidencial ou que, pola súa natureza ou polas circunstancias nas que se produza a revelación ou creación, debe de boa fe estimarse como tal.

3. En cumprimento co deber de segredo e confidencialidade, o contratista queda suxeito ás seguintes obrigas:

- Seguir as instrucións fixadas polo Concello de Vigo, en todo o que respecta ao tratamento da información confidencial; non a poderá utilizar e/ou tratar para fins distintos dos expresamente indicados.
- Tratar e utilizar a información confidencial que sexa necesaria para o desenvolvemento das funcións referidas aos traballos de diagnóstico previo á elaboración do obxecto do contrato inherentes a este último e que lle fosen encomendadas.
- Tratar a dita información confidencialmente. Queda expresamente prohibida calquera tipo de comunicación, cesión, transferencia, almacenamento, envío ou entrega non autorizadas expresamente, de calquera información confidencial, xa sexa a outras persoas vinculadas ao Concello de Vigo non autorizadas para acceder a dita información, xa sexa a terceiros alleos ao Concello de Vigo. Tampouco poderá gravar información confidencial en calquera soporte electrónico ou dixital, nin imprimilos ou extraelos fóra das dependencias físicas onde desenvolva as funcións profesionais e/ou de colaboración, agás que o propio desenvolvemento das ditas funcións así o esixa ou fosen expresamente autorizado para o efecto polo Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Actuar coa maior dilixencia posible para evitar a publicación ou revelación de calquera información confidencial.
- Observar as políticas adoptadas polo Concello de Vigo respecto do arquivo, conservación custodia e destrución da información confidencial en soporte papel.
- Devolverlle ao Concello de Vigo toda información confidencial que, no momento de terminar a realización dos servizos se atope en poder da empresa, renunciando expresamente a calquera dereito de a reter ou conservar.
- Cumprir as obrigas derivadas da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, efectuando o tratamento e arquivo dos datos consonte aos protocolos e sistemas e observando as garantías establecidas na normativa indicada.

4. Cando o contratista desenvolva as funcións profesionais nas dependencias físicas de terceiras entidades, deberá observar e seguir as instrucións que, en materia de confidencialidade e segredo, foran fixadas pola entidade e das que fora informada. Na medida en que non resulten incompatibles coas ditas normas ou cando a terceira entidade non establecese nada ao respecto, tamén deberá observar as obrigas previstas no número anterior.

5. O deber de segredo e confidencialidade, que se deriva desta cláusula, obriga ao contratista durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento da información obxecto de segredo, agás que nestes pregos ou no contrato se estableza un prazo maior que, en todo caso, deberá ser definido e limitado no tempo, en base ao artigo 133.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

6. No caso de que os pregos establezan dereitos e obrigas dimanantes do contrato que poidan ser cedidos polo contratista a un terceiro en base ao disposto no artigo 214 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, ou este decida subcontratar ao abeiro do artigo 215 da citada lei, o contratista deberá establecer co cesionario ou subcontratista unha relación de confidencialidade por medio deste documento no momento de formalizar a cesión en escritura pública descrito no artigo 214.2.d) da Lei 9/2017, ou no momento de establecer a subcontratación.

7. O contratista queda obrigado a observar e cumprir a normativa de seguridade implantada no Concello de Vigo, que sexa posta en coñecemento entre as e os empregados públicos municipais. Igualmente a aquelas medidas de seguridade que, respecto da información confidencial en soporte físico, electrónico ou dixital, sexan adoptadas polo Concello de Vigo, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

8. O contratista queda obrigado a observar e cumprir todas as medidas de seguridade necesaria e exixidas polo Concello de Vigo respecto do tratamento da información confidencial no desenvolvemento das actividades profesionais, sendo irrelevante o soporte que a conteña. En concreto, comprométese a non facilitar baixo ningún concepto a outras persoas e/ou empresas, as claves e/ou contrasinais de acceso aos sistemas de información do Concello de Vigo, no suposto de que eventualmente lle fosen facilitadas. Comprométese, igualmente, a utilizar os ditos

sistemas coa debida autorización e para fins exclusivamente relacionados coa execución das actividades relacionadas co obxecto do contrato.

O incumprimento das obrigas previstas anteriormente poderá levar consigo, para o contratista, a asunción das responsabilidades derivadas as infraccións realizadas.

E para que produza os efectos oportunos, mediante a sinatura deste documento declaro expresamente o compromiso de cumprir coas obrigas de segredo e confidencialidade, nos termos expresados anteriormente.

ANEXO V

DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI) PARA OS CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS

(A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR)

Don/Dona, con DNI, no seu propio nome e dereito/en calidade de representante legal da mercantil con CIF, declara:

Primeiro.- Estar informado/a dos compromisos adquiridos en relación co cumprimento do Plan Antifraude do Concello de Vigo.

Segundo.- Que, de conformidade co establecido no citado Plan, manifesta non estar incurso en ningunha das situacións que se identificaron no mesmo como susceptibles de motivar un posible conflito de interese coa/s persoa/s responsable/s do contrato licitado polo Concello e do que resultou adxudicatario. Entre elas:

- Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo.
- Compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta.
- Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- Ter relación de servizo, ou prestar nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

Terceiro.- Que se compromete a poñer en coñecemento da Comisión de Integridade Contractual do Concello de Vigo, sen dilación, calquera risco de posible conflito de intereses ou calquera outras circunstancias dirixidas a previr e detectar a fraude, e a corrupción.

Cuarto.- Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, estará sometida ás previsións e consecuencias



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

establecidas polo Concello de Vigo no seu Plan Antifraude e que poden concluír coa esixencia de responsabilidades penais.

8(951).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS. EXPTE. 2148/441.

Visto o informe xurídico do 20/11/2024 e o informe de fiscalización do 28/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/11/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, ven a consolidar un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos de investimentos para a mellora da mobilidade urbana sostible, así como en relación a mellora de espazos públicos, parques públicos, instalacións educativas e deportivas da cidade.

A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos, e concretamente co Concello de Vigo.

Co obxecto de dar continuidade a colaboración administrativa e financeira da Deputación Provincial de Pontevedra o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais, o Concello de Vigo ven de aprobar por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/08/2024 o proxecto **"SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO"**, actuación que pola súa singularidade en relación a mellora das instalacións deportivas municipais, propónse como un dos proxectos para incluír neste ámbito de colaboración.

Este proxecto demanda unha flexibilidade nos prazos de execución (debemos ter en conta as necesidades de aprobación de proxectos, aprobación de procesos de licitación, adxudicación e execución de obra), polo cal a vixencia das propostas

de execución dos convenios deberán posibilitar un prazo de dous anos dende a formalización do convenio, cunha posibilidade de acordar unha ampliación polo período máximo dun ano.

O proxecto básico e de execución para a "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO", foi redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, e consta dun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €)

Alcance da actuación:

As actuacións previstas no presente proxecto son as precisas para a execución da substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo "Pista Vermella", que se atopa afectada por oxidacións xeneralizadas en toda a súa superficie e que derivaron en perda de sección das chapas, perforacións nas mesmas e entrada de auga no interior do recinto deportivo.

A execución do cambio de cuberta terá que compatibilizarse co desenvolvemento de actividades deportivas no resto de recintos do Complexo Polideportivo incluíndo o tránsito de usuarios pola proximidade do recinto no que se desenvolverán as obras de reforma.

Proxectase a necesidade de desmontar os materiais de cobertura existentes, dobres chapas e paneis de aceiro e de policarbonato, e montar unha nova cobertura compatible ca estrutura existente combinando partes cegas e partes translúcidas. Resulta necesario empregar materiais que permitan unha mellora das condicións de illamento térmico.

Proxectase a execución dunha nova cuberta a dúas augas respectando as pendentes e forma da cuberta actual xa que se manteñen tanto as fachadas do edificio coma a estrutura do mesmo. Manterase tamén a proporción de cuberta de chapa cega e tramos de policarbonato translúcidos.

A nova cuberta estará formada por panel sándwich de chapa de aceiro en perfil comercial, formada por chapa prelacada en ambas caras (exterior e interior) de 0,6 mm de espesor, e núcleo illante de lan de rocha. Totalmente montada sobre correas metálicas ou soporte estrutural existente incluído todo tipo de remate para garantía-la estanquidade do elemento construtivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Contará con lucernarios formados por placas de policarbonato celular translúcidos opais de 32 mm de espesor con tratamento ultravioleta nas dúas caras, terminado en condicións de estanquidade con sistema compatible cos paneis sandwich para garantía-la estanquidade requirida ó conxunto.

Instalaranse novos canlóns de chapa de aceiro prelacada de 0,6 mm de espesor.

A execución da obra incluírá a desmontase do sistema de seguridade (liñas de vida, puntos fixos,etc) para o acceso á cuberta existente e a súa montaxe unha vez executada a instalación do novo material de cobertura. Será preciso certificar a seguridade do sistema por empresa homologada a tal fin para que poida ser empregado polo persoal municipal nos traballos de mantemento da cuberta.

OBRA COMPLETA.

A actuación plantexada, se refire a unha obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral ou ao Servizo Público correspondente unha vez rematada, según o estipulado no art 13 da lei 9/2017, de 8 de novembro LCSP e art 125 del RXLCAP.

ALCANCE ECONÓMICO DA ACTUACIÓN

O proxecto aprobado recollo o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	250.712,30 €
Estimación de custes asociados a execución da obra:	
Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	25.000,00 €
Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 6% do PEM do proxecto.	10.500,00 €
Importe total para o ámbito desta actuación:	286.212,30 €

PROPOSTA DE COLABORACIÓN PARA A COFINANCIACIÓN

	Total actuacións	Achega Deputación Pontevedra	Achega Concello de Vigo
--	------------------	------------------------------	-------------------------

"SUBSTITUCIÓN CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO	286.212,30 €	225.000,00 €	61.212,30 €
---	-----------------	-----------------	----------------

Procedeuse a remitir a Deputación Provincial de Pontevedra a documentación administrativa para o inicio da elaboración do correspondente expediente administrativo conducente a aprobación do convenio para desenvolver a actuación do proxecto de **"SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO"**.

Con datas 15 e 18 de novembro de 2024, a Técnica de Xestión da Área de Fomento, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan o Convenio estímanse conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Con data 20 de novembro de 2024 emítense informe xurídico concluindo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio obxecto deste expediente.

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- CONTIDO DO CONVENIO:

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO".

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle

corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IV.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (61.212,30 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	61.212,30 €
----------------	-------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420.632.00.02 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución da obra "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO", transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de "DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (286.212,30 €)), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (61.212,30 €).

Dito importe será financiado con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 3420.632.00.02 na anualidade 2025.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO"

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.ª Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a incorporación de elementos mecánicos de transporte nas rúas da cidade, sendo, todos eles, unha aposta pola mellora ambiental potenciando os parques públicos, pola eficiencia enerxética e da calidade de vida en xeral, potenciando o transporte público e priorizando a seguridade viaria e a mobilidade.

IV.- O obxectivo deste convenio é seguir convertendo a cidade de Vigo, nun lugar cómodo e accesible, mellorando a calidade dos espazos para o ocio e o recreo.

V.- Que o O artigo 25. 2. I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2024, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de

1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "**SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO**".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra "**SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO**", foi redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, e consta dun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €), e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 30 de agosto de 2024.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (286.212,30 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

O proxecto aprobado recollo o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	250.712,30 €
--	---------------------

Estimación de custes asociados a execución da obra:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	25.000,00 €
Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 6% do PEM do proxecto.	10.500,00 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	286.212,30 €
---	---------------------

2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de DOUSCENTOS VINTE CINCO MIL EUROS (225.000,00 €), que se realizará con cargo á aplicación 2024/942.9420.762.14.

3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (61.212,30 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	61.212,30 €
----------------	-------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420.632.00.02 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO", polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de DOUSCENTOS VINTE CINCO MIL EUROS (225.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación

Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestructura viaria ou no seu subsolo, situarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán

lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

9(952).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO”.EXPTE. 2149/441.

Visto o informe xurídico do 20/11/2024 e o informe de fiscalización do 28/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/11/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, ven a consolidar un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos de investimentos para a mellora da mobilidade urbana sostible, así como en relación a mellora de espazos públicos, parques públicos, instalacións educativas e deportivas da cidade.

A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos, e concretamente co Concello de Vigo.

Co obxecto de dar continuidade a colaboración administrativa e financeira da Deputación Provincial de Pontevedra o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais, o Concello de Vigo ven de aprobar por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/08/2024 o proxecto **“REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO”**, actuación que pola súa singularidade en relación a mellora das instalacións deportivas municipais, propónse como un dos proxectos para incluír neste ámbito de colaboración.

Este proxecto demanda unha flexibilidade nos prazos de execución (debemos ter en conta as necesidades de aprobación de proxectos, aprobación de procesos de licitación, adxudicación e execución de obra), polo cal a vixencia das propostas de execución dos convenios deberán posibilitar un prazo de dous anos dende a formalización do convenio, cunha posibilidade de acordar unha ampliación polo período máximo dun ano.

O proxecto para a “REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA - MOLEDO”, foi redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (718.681,04 €).

Alcance da actuación:

O obxecto principal deste proxecto é conseguir unha estabilización do terreo que rodea á instalación, para evitar o avance dos problemas de afundimentos localizados nos extremos do campo, así como reparar os danos xerados polos movementos do terreo, mediante a reposición dos firmes danados.

Polo tanto, as accións que leváranse a cabo son basicamente as seguintes:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Desbroce do terreo.
- Movemento de terras para a execución do muro de mampostería, e posterior recheo de trasdós coa finalidade de dotar ao terreo do ángulo de estabilidade necesario.
- Demolición de pavimentos deteriorados.
- Reposición do paquete de firme na explanada.
- Execución de drenaxe mediante cuneta perimetral á explanada, e conexión ao drenaxe existente.
- Retirada e reposición de peche perimetral con malla metálica simple torsión.

OBRA COMPLETA.

A actuación plantexada, se refire a unha obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral ou ao Servizo Público correspondente unha vez rematada, según o estipulado no art 13 da lei 9/2017, de 8 de novembro LCSP e art 125 del RXLCAP.

ALCANCE ECONÓMICO DA ACTUACIÓN

O proxecto aprobado recollo o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	718.681,04 €
--	---------------------

Estimación de custes asociados a execución da obra:

Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	71.000,00 €
Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 4% do PEM do proxecto.	30.000,00 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	819.681,04 €
---	---------------------

PROPOSTA DE COLABORACIÓN PARA A COFINANCIACIÓN

	Total actuacións	Achega Deputación Pontevedra	Achega Concello de Vigo
"REPARACIÓN DO MURO DE	819.681,04 €	650.000,00 €	169.681,04 €

CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO"			
---	--	--	--

Con datas 15 e 18 de novembro de 2024, a Técnica de Xestión da Área de Fomento, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan o Convenio estímanse conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Con data 20 de novembro de 2024 emítase informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio obxecto deste expediente.

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- CONTIDO DO CONVENIO:

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO”.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de

obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IV.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de CENTO SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (169.681,04 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	169.681,04 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420.632.00.10 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución da obra “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO”, transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de “OITOCENTOS DEZANOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (819.681,04 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de CENTO SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (169.681,04 €).

Dito importe será financiado con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 3420.632.00.10 na anualidade 2025.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO"

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.^a Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a incorporación de elementos mecánicos de transporte nas rúas da cidade, sendo, todos eles, unha aposta pola mellora ambiental potenciando os parques públicos, pola eficiencia enerxética e da calidade de vida en xeral, potenciando o transporte público e priorizando a seguridade viaria e a mobilidade.

IV.- O obxectivo deste convenio é seguir convertendo a cidade de Vigo, nun lugar cómodo e accesible, mellorando a calidade dos espazos para o ocio e o recreo.

V.- Que o O artigo 25. 2. I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2024, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra **"REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO"**.

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra **"REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO"**, foi redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (718.681,04 €), e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 30 de agosto de 2024.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de OITOCENTOS DAZANOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (819.681,04 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

O proxecto aprobado recollo o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	718.681,04 €
Estimación de custes asociados a execución da obra:	
Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	71.000,00 €
Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 4% do PEM do proxecto.	30.000,00 €
Importe total para o ámbito desta actuación:	819.681,04 €

2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SEISCENTOS CINCUENTA MIL (650.000,00 €), que se realizará con cargo á aplicación 2024/942.9420.762.14.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de CENTO SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (169.681,04 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	169.681,04 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420.632.00.10 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO", polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (650.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adjudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adjudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitara, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarase ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciarase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

10(953).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA”.EXPTE. 2150/441.

Visto o informe xurídico do 20/11/2024 e o informe de fiscalización do 28/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/11/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, ven a consolidar un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos de investimentos para a mellora da mobilidade urbana sostible, así como en relación a mellora de espazos públicos, parques públicos, instalacións educativas e deportivas da cidade.

A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos, e concretamente co Concello de Vigo.

Co obxecto de dar continuidade a colaboración administrativa e financeira da Deputación Provincial de Pontevedra o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais, o Concello de Vigo ven de aprobar por

acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/09/2024 o proxecto **"RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA"**. actuación que pola súa singularidade en relación a mellora das instalacións dos parques públicos, propónse como un dos proxectos para incluír neste ámbito de colaboración.

Este proxecto demanda unha flexibiildade nos prazos de execución (debemos ter en conta as necesidades de aprobación de proxectos, aprobación de procesos de licitación, adxudicación e execución de obra), polo cal a vixencia das propostas de execución dos convenios deberán posibilitar un prazo de dous anos dende a formalización do convenio, cunha posibilidade de acordar unha ampliación polo período máximo dun ano.

O proxecto do ""RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA", foi redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CINCUENTA MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (450.272,46 €)

Alcance da actuación:

O presente proxecto contempla as actuacións necesarias para a reconstrución do muro, unha vez completada a súa demolición. Redúcese a cota do terreo na parte superior do parque para reducir o impacto visual. Proxéctase para a construción do novo muro de contención o uso de gavións, unha solución xa utilizada no entorno do Parque Nelson Mandela.

Na esquina do muro actual proxéctase a construción dunhas gradas para integrar a parte superior do parque coa vía pública. Na unión entre as gradas e o novo muro de gavións constrúese unhas escaleiras que permitan o acceso peonil á parte superior do parque.

Para poder realizar a execución do muro, realizáranse unha serie de actuacións previas, que inclúen:

- Valado de seguridade: Establecemento de valado de seguridade que impida o acercamento á zona de actuación.
- Instalacións: Aseguramento das instalacións e canalizacións existentes.
- Demolicións: Demolición das escaleiras, pavimentos, rampla de formigón e muro superior da rampla.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Movemento de terras: Escavación do talude e cuña para a construción do muro, escavación do talude para a construción das gradas, retaluzado da parte superior do parque en contacto coa rampla existente.

- Traslado ao vertedeiro: Traslado ao vertedeiro autorizado dos escombros xerados na demolición. Retirada das terras do talude ao vertedeiro autorizado, que non sexan aptas para ser empregadas nin recheo da cuña.

Para a construción do muro e as gradas, contéplase as seguintes actuacións:

- Construción: Instalación de malla xeotextil no trasdós do muro para permitir o de auga sen lavado de áridos, construción dun muro de contención de gavións, recheo granular do trasdós do muro, reconstrución da rampla de formigón e reposición do canlón de drenaxe. Construción de escaleiras de formigón, construción de escaleiras de madeira sobre base de formigón, construción do apoio de formigón para as gradas e instalación das gradas de formigón prefabricado.

- Urbanización: Reposición da beirarrúa existente e unión coa sala eléctrica, gradas e escaleiras, colocación de pavimento terrizo peonil no camiño indicado no plano e instalación de pasamáns no tramo do muro xunto á escaleira.

Xardinería: Instalación de tepes de céspede natural e plantación en parterre de especies de baixo requirimento de rego.

OBRA COMPLETA.

A actuación plantexada, se refire a unha obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral ou ao Servizo Público correspondente unha vez rematada, según o estipulado no art 13 da lei 9/2017, de 8 de novembro LCSP e art 125 del RXLCAP.

ALCANCE ECONÓMICO DA ACTUACIÓN

O proxecto aprobado recollo o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	450.272,46 €
Estimación de custes asociados a execución da obra:	
Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	45.000,00 €

Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 6% do PEM do proxecto.	18.000,00 €
--	-------------

Importe total para o ámbito desta actuación:	513.272,46 €
---	---------------------

PROPOSTA DE COLABORACIÓN PARA A COFINANCIACIÓN

	Total actuacións	Achega Deputación Pontevedra	Achega Concello de Vigo
PROXECTO "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA.	513.272,46 €	412.000,00 €	101.272,46 €

Con datas 15 e 18 de novembro de 2024, a Tecnica de Xestión da Área de Fomento, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan o Convenio estímanse conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Con data 20 de novembro de 2024 emítase informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local probe o convenio obxecto deste expediente.

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- CONTIDO DO CONVENIO:

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA".

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co

previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IV.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de CIENTO UN MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (101.272,46 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	101.272,46 €
----------------	--------------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1710.619.00.07 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución da obra "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA", transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de "CINCOCENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS MIL EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (513.272,46 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de CENTO UN MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (101.272,46 €).

Dito importe será financiado con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 1710.619.00.07 na anualidade 2025.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA"

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.^a Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a incorporación de elementos mecánicos de transporte nas rúas da cidade, sendo, todos eles, unha aposta pola mellora ambiental potenciando os parques públicos, pola eficiencia enerxética e da calidade de vida en xeral, potenciando o transporte público e priorizando a seguridade viaria e a mobilidade.

IV.- O obxectivo deste convenio é seguir convertendo a cidade de Vigo, nun lugar cómodo e accesible, mellorando a calidade dos espazos para o ocio e o recreo.

V.- Que o artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, os parques e xardíns públicos.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2024, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra **"RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA"**..

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA", ffoi redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CINCUENTA MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (450.272,46 €), e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 30 de agosto de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de CINCOCENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS MIL EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (513.272,46 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

O proxecto aprobado recollo o seguinte importe de execución:

Orzamento base de licitación con IVE:	450.272,46 €
--	---------------------

Estimación de custes asociados a execución da obra:

Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	45.000,00 €
Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 6% do PEM do proxecto.	18.000,00 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	513.272,46 €
---	---------------------

2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de CATROCENTOS DOCE MIL EUROS (412.000,00 €), que se realizará con cargo á aplicación 2024/942.9420.762.14.

3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de CENTO UN MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (101.272,46 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	101.272,46 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1710.619.00.07 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o

pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA"., polo cal, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de CATROCENTOS DOCE MIL EUROS (412.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.

- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

11(9549.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”. EXPTE. 2155/441.

Visto o informe xurídico do 20/11/2024 e o informe de fiscalización do 28/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/11/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, ven a consolidar un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos de investimentos para a mellora da mobilidade urbana sostible, así como en relación a mellora de espazos públicos, parques públicos, instalacións educativas e deportivas da cidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos, e concretamente co Concello de Vigo.

Co obxecto de dar continuidade a colaboración administrativa e financeira da Deputación Provincial de Pontevedra o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais, o Concello de Vigo ven de aprobar por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/09/2024 o proxecto "**PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS**". actuación que pola súa singularidade en relación a mellora das instalacións dos parques públicos, propónse como un dos proxectos para incluír neste ámbito de colaboración.

Este proxecto demanda unha flexibilidade nos prazos de execución (debemos ter en conta as necesidades de aprobación de proxectos, aprobación de procesos de licitación, adxudicación e execución de obra), polo cal a vixencia das propostas de execución dos convenios deberán posibilitar un prazo de dous anos dende a formalización do convenio, cunha posibilidade de acordar unha ampliación polo período máximo dun ano.

O proxecto do "MACROPARQUE DE XOGOS NA FINCA MATÍAS", foi redactado polo Enxeñeiro Industrial Daniel Prieto Renda cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.849.743,98€)

Alcance da actuación:

A actuación localízase na parcela de titularidade municipal con número 303 "ZONA VERDE FINCA MATÍAS" do Epígrafe I do Inventario Municipal de Bens e Dereitos. Trátase de unha zona verde con alta densidade de vexetación e arborado de gran porte, diferenciada en dúas áreas: o Parque Infantil do Toxal e o parque Finca Matías. Ambas áreas presentan un alto grado de degradación e difícil acceso, o que provoca unha infrautilización dun entorno con alta densidade de poboación.

As obras a executar enuméranse a continuación:

- Redistribución en plataforma única peonil na rúa Toxal con prioridade peonil e circulación prohibida excepto residentes e vehículos de servizo. Dotación de sinalización en todo o tramo.

- Creación de dúas zonas de esparcemento separadas pola rúa do Toxal. A área inferior (Finca Matías) dividirase en dúas zonas diferenciadas; una zona para nenos de 0 a 3 anos e unha zona para nenos de 3 a 8 anos, sendo a área superior (O Toxal) una zona de xogos para todas as idades.

- Pavimentación con diferentes materiais segundo uso. Na rúa Toxal propónse a utilización de seccións de firme de misturas bituminosas, na zona peonil utilización de lousas vulcano o similar con cores a definir (mosaico), nas zonas de xogos disporase de pavimentos amortecidos a base de unha capa S.B.R con acabado EDPM en cores variados.

- Dotación de xogos inclusivos en todo o ámbito de actuación destinados a diferentes rangos de idade. Disposición de un xogo interactivo con realidade aumentada.

- Renovación das redes de servizos existentes:

- Execución de unha nova rede de pluviais. Renovar e mallar a rede de abastecemento con tubaxes de fundición dúctil.

- Renovación da rede de alumeadado pública mediante sistemas de alta eficiencia enerxética.

- Soterramento da rede eléctrica e da rede de telefonía.

- Dotación de mobiliario urbano funcional (bancos, mesas, papeleiras, fontes de auga etc.).

- Realizarse o cerramento das áreas mediante vallas metálicas con elementos decorativos.

- Plantación de céspede e pantallas vexetais en cerramentos, mediante especies arbustivas. Protección da masa arbórea existente. Instalación dunha rede de rego mediante goteo.

OBRA COMPLETA.

A actuación plantexada, se refire a unha obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral ou ao Servizo Público correspondente unha vez rematada, según o estipulado no art 13 da lei 9/2017, de 8 de novembro LCSP e art 125 del RXLCAP.

ALCANCE ECONÓMICO DA ACTUACIÓN

O proxecto aprobado recollo o seguinte importe de execución:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Orzamento base de licitación con IVE:	2.849.743,98 €
--	--------------------------

Estimación de custes asociados a execución da obra:

Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	284.000,00 €
Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 6% do PEM do proxecto.	115.000,00 €
Importe total para o ámbito desta actuación:	3.248.743,98 €

PROPOSTA DE COLABORACIÓN PARA A COFINANCIACIÓN

	Total actuacións	Achega Deputación Pontevedra	Achega Concello de Vigo
PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS	3.248.743,98 €	2.580.000,00 €	668.743,98 €

Procedeuse a remitir a Deputación Provincial de Pontevedra a documentación administrativa para o inicio da elaboración do correspondente expediente administrativo conducente a aprobación do convenio para desenvolver a actuación do proxecto de "**PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS**".

Con datas 19 e 20 de novembro de 2024, a Técnica de Xestión da Área de Fomento, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan o Convenio estímase conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Con data 20 de novembro de 2024 emítase informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio obxecto deste expediente.

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- CONTIDO DO CONVENIO:

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS".

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a

colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IV.- PROCEDIMENTO E COMPETENCIA

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SEISCENTOS SESENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (668.743,98 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	668.743,98 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1710.619.00.14 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

lexislación vixente, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución da obra "PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS", transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de "TRES MILLÓNS DOUSCENTOS CORENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (3.248.743,98 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de SEISCENTOS SESENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (668.743,98 €),

Dito importe será financiado con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 1710.619.00.14 na anualidade 2025.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS"

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.^a Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a incorporación de elementos mecánicos de transporte nas rúas da cidade, sendo, todos eles, unha aposta pola mellora ambiental potenciando os parques públicos, pola eficiencia enerxética e da calidade de vida en xeral, potenciando o transporte público e priorizando a seguridade viaria e a mobilidade.

IV.- O obxectivo deste convenio é seguir convertendo a cidade de Vigo, nun lugar cómodo e accesible, mellorando a calidade dos espazos para o ocio e o recreo.

V.- Que o artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, os parques e xardíns públicos.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2024, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o

presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "**PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS**".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra MACROPARQUE DE XOGOS NA FINCA MATÍAS", foi redactado polo Enxeñeiro Industrial Daniel Prieto Renda cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.849.743,98€), e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 27 de setembro de 2024.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de TRES MILLÓNS DOUSCENTOS CORENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (3.248.743,98 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

Orzamento base de licitación con IVE:	2.849.743,98 €
--	--------------------------

Estimación de custes asociados a execución da obra:

Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	284.000,00 €
Custos asociados a obra de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total o entorno do +- 6% do PEM do proxecto.	115.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

Importe total para o ámbito desta actuación:	3.248.743,98 €
---	--------------------------

2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS OITENTA MIL EUROS (2.580.000,00 €), que se realizará con cargo á aplicación 2024/942.9420.762.14.

3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SEISCENTOS SESENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (668.743,98 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	668.743,98 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1710.619.00.14 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha

das administracións en relación ao proxecto de "PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS", polo cal, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS OITENTA MIL EUROS (2.580.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitat, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.

- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1790/1102

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas. Como secretaria dou fe.

SGF/me-if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.